

# Premio 2020

de poesía, relato e tradución  
da **Universidade de Vigo**

---





Editan:  
Xunta de Galicia,  
Consellería de Cultura e Turismo,  
Secretaría Xeral de Política Lingüística;  
Universidade de Vigo,  
Área de Normalización Lingüística;  
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: Sergii Syzonenko (123RF)

© Universidade de Vigo e dos autores/as dos textos, 2020

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2020

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-775-6

Depósito legal: VG 389-2020

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

# Premio 2020

de poesía, relato e tradución  
da Universidade de Vigo



## LIMIAR

O ano 2020 supuxo un punto e á parte ou, se se quere, o inicio dunha nova etapa da nosa historia recente. A chegada da covid-19 mudou moitas cousas; porén, algunhas permanecen e mesmo poden chegar a fortalecernos. Grazas a elas sentímonos especialmente gozosos. Este é o caso dos textos premiados no concurso de poesía, relato curto e tradución literaria en lingua galega que, ano tras ano, convoca a Universidade de Vigo e que ten unha ampla acollida entre a comunidade universitaria. Quero trasladarlles este gozo e resaltar o meu sincero agradecemento a todas as persoas que participaron nesta convocatoria, tan diferente polas condicións nas que tivo lugar. De xeito moi especial con aquelas merecentes de premio de acordo coa valoración do xurado. En concreto, Noelia Estévez Rionegro, Ciro Fernández Briones, Miguel Iglesias van der Woude, María Blanca Miranda Rodas, Cándido Paniagua Pousa, Adrián Presas Sobrado, Xosé Sobral Amoedo e Andrea Ucha Bouzada. Parabéns!

Sirvan tamén as miñas palabras para amosarlle o agradecemento ao xurado destes premios, reunido na Casa de Rosalía en Padrón, polo excelente traballo realizado. O voso coñecemento supón unha garantía da calidade

desta selección de textos, entre todos os que se presentaron en cada unha das tres modalidades. Beizón!

Debémonos á sociedade, que é quen nos sostén. Por iso, desde a Universidade de Vigo nunca nos cansaremos de cumprir coa obriga legal, ética e social que temos respecto da protección e a promoción da lingua galega. Desde logo, sabemos que para avanzar nesa dirección queda traballo por facer en cada un dos eidos da nosa institución. Agora ben, a esperanza no galego non hai quen a deteña. Deixemos que acubille entre nós para que as xeracións que están por chegar poidan seguir gozando co idioma.

MANUEL REIGOSA ROGER  
Reitor da Universidade de Vigo

## Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo 2020 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Ana Acuña Trabazo, Lourdes Lorenzo García, Iolanda Galanes Santos, Patricia Buján Otero, Rexina Rodríguez Vega e Fernando Ramallo como secretario con voz pero sen voto.








*poesía*





# PROHIBIDO APAÑAR FLORES

Ciro Fernández Briones

Primeiro premio



*a crueldade fría das horas  
caendo coma follas de chumbo*

ANTONIO PIÑEIRO

## O MURO

Repousan húmidos os fentos  
tralas bágoas dunha tarde gris  
sobre o muro da noitada

o cheiro fresco nas beirarrúas  
o fume diáfano ao pé do farol  
o son plácido, o vento maino  
un agarimo frío e tenro

unha imaxe de silencio aluminada  
no enreixado da mirada e do tempo.

## MORNING SUN

Dous gansos entre muros e maleza  
eu na altura cando miro  
esa plumaxe murcha  
de quen non esperta da mentira  
esas patiañas palmípedes  
que afondan en desexos de nadar.

*Quen son eu pra vos xulgar?*

Tamén miro con saudade  
as miñas cadeas que me atan  
ás tantas paredes deste piso  
ás engrenaxes do medo e do sistema;  
a gaiola da ilusión é tan vulnerable  
o fervor da realidade, indescifrable.

*Quen nos mira? Quen nos prende?  
Quen nos priva de nadar?*



## 62

*la mirada que se pierde ociosa más allá de la ventana,  
aliviadamente más allá de mí y de lo que nos rodea.*

JULIO CORTÁZAR

*Todos os Poemas São de Amor*

gardo no peto bolboretas  
mirareite sempre coa mirada  
pousada nos ollos do namorado  
na incomprensión de te atopar  
como por mor dun azar inexistente

somos casualidades con nome  
fermosos silencios fronte á fiestra,  
belísimos saloucos nunha aberta  
na música feble dunhas bágoas con fame

somos pezas inconexas, gaivotas sobre un mar  
animais sentenciados a un fado incomprendido  
devorados pola ingrata fantasía de calarmos

a piques de afundir unha vez máis  
afogados outra vez máis  
na ledicia de esperar  
por última vez  
outra luz no mar.

## LUCEIROS

1.

De costas ao empardecer pra escoitar o tempo  
que se mostra amable en cada xesto da marea  
a primavera asilvestrada chamando polos grilos  
un segundo máis de noite, outra estocada do vento  
outra altura sobre o mar que me sostén  
un suspiro en cada ondada, unha rocha que non treme

as gaivotas que non voan devagar  
as que quedan rexeitando o barlovento  
a voz incuestionable na bravura  
a Lúa nace sen remedio  
ao carón do silencio reiterado.

2.

As horas esquecéndose de min  
deserto o meu corpo trala rocha  
peteirada polos paxaros ourives  
co peso perfecto pra soste  
o Sol nas costas  
debuxando as enrugas da Curota  
a ría de fronte  
fraguando o pan da xente.

Nos meus pés, dende o cantil  
a forma física da fronteira  
a simetría ocular nos iris anoitecendo

as correntes acariñando o son do vento  
o paso do tempo pendurado nas bateas  
e a vixencia do silencio, no ser inmóbil.

## CADEIRAS

Emigrar sen cartos nin maquillaxe  
as miserias do presente entoando un pretexto  
pra fuxir da terra e dos invernos  
máis ao fondo, nos incendios, anhelos de vivir

sentir a sombra murchase, o Sol cego  
o pasaxeiro expectante na súa espera  
por atopar un barco oportuno e seguro  
por abrir a porta da gaiola de cristal  
e sobrevivir á tempestade

outra volta á cadeira antes de sentar  
outro poema, outra caricia, outra primavera  
outra nota a pé de páxina, máis temores que asinar

brotar sen follas é morrer  
buscar as flores entre o asfalto  
como movementos de xadrez  
e perder contra os reloxos  
ao ver o tren pasar.

## PENTESILEA

Un piano con imaxes da noitada  
que emerxen paseniño  
entre as sombras dunhas pálpebras

aloumiñar co verso silandeiro  
as praias máis exóticas da nosa ría  
e de calquera outro lugar da cor do mar

ver nun pestanexo o compás  
das vagadas dunhas mans  
pulsando na melodía do palpitar

cicatrizas e pousar nas lembranzas  
sempre lembranzas, infindo fío do pasado  
que se tensa e creba a cortiza  
das arelas inalcanzables dun meniño

últimos segundos das imaxes inconexas  
misceláneas dunhas costas xistradas  
nun camiño xa feito cinzas.

## A LINGUA CALADA

Escribe poeta os teus últimos versos  
que mañá chegará o desastre

escribe compañeiro  
que mañá virá a guerra  
e levaranos por diante

escribe do presente tamén  
pra te lembrar.

## MUDANZA

*Y a veces tenemos miedo, al respirar una rosa demasiado cerca,  
de dejarnos atraer, retener, en el círculo de la bondad,  
pues una rosa huele tierna, incluso pasada, una rosa huele a  
amor, incluso seca, una rosa huele a vida;*

HÉLÈNE CIXOUS

O contraste entre dous ceos resignados  
os derradeiros raios exercendo a dicotomía  
dunha gaivota acoitelada pola físgoa  
sen vento nin dozura, o balón do empardecer  
pousado sobre o mar extraditado, sempre firme  
o xuízo da lingua transparente

as andoriñas tinguindo os últimos sons da primavera  
dende os soportais ao vento húmido, a ras do mar  
a *marexada* da última rosa arrincada dos xardíns  
o ceo murcho, as bágoas florecendo entre os cantís  
dunha cidade feita cinzas, o apreixo incontrolable da  
soidade  
esmorecendo entre as mans, a ilusión de reiterar  
cada trazo *picassiano* deste mundo, cada pío de revolución.

Unha garza a pé de mar  
as ondadas acariñando o seu peteiro  
o camiñante expectante entre dous intres  
un paso máis, outro silencio, un camiñar  
as flores da veciña tan vizosas  
resistindo á tolemia do orballo  
e do tempo.

**PETRICOR**


Os fentos enxoitos ao pé do farol  
os ventos calmos clamando un verán  
que se achega sen permiso nin coraxe  
no último agarimo dos xasmíns  
as pingas esperanzadas pisando os tellados  
outra gaiyota despedindo o devir

antes do cárcere máis feble  
a chave exercendo a última función  
ábrese a porta, o mundo de costas  
o poema eterno entre os violíns  
dun piano xa esquecido  
dun pasado eternizado.



*Unha estación no inferno, outra no ceo  
temporalmente amable e despexado  
e ó final sempre a triste pulcritude  
doutro ensaio xeral do soño eterno.*

LOIS PEREIRO



# O ESTOURIDO

Noelia Estévez Rionegro

Primeiro accésit



Talvez mudou  
de lugar  
no espazo.  
Ou de corpo.  
Talvez foi  
das que nunca foron  
pero derramaron sangue  
alleo.  
Talvez *atlas*  
só dea nome  
a un titán grego  
e non exista xeografía  
máis aló  
dos corpos  
...  
acostumados á ferida.

## I

### O ESTOURIDO

calmou  
aquele mes de agosto  
en París,  
comesto pola negrura  
da chuvia  
pintada nas paredes  
-galería  
para ollos abertos.  
Levounos aos mesmos lugares

que habitaron un día  
...  
coma se naquel cuarto  
collese algo  
máis  
ca o posto enriba,  
coma se habitar fose  
máis  
ca o oficio de servir  
...  
Foi aquel 25 de agosto  
o que non nos salvou  
...  
Foi París e foi a guerra.  
Foi a terra e foi a fame.  
Foron o enraizamento e o desterro.  
Foron eles.  
Foron eles.  
E ela...  
Ela tamén.  
Ela tampouco  
me salvou.

## II

CANDO esfolas margaridas  
semellas  
unha cativa  
orfa  
de pantasma,  
que paladea o pole  
antes de converterse en mel  
...

Sempre o soubestes

...

Sempre

detestei o mel.

### III

HAI

mans

que semellan

pautas caligráficas,

reproducións tipográficas perfectas

do tempo,

raizames xeneticamente herdeiras

das dúas caras opostas

da verdade

...

Foron elas.

As derradeiras

...

Foron elas

as que escorrentaron o mel

dos beizos

as que verteron o po

das flores

sobor da inmundicia da guerra.

Foron

porque acubillaron vermes

e os alimentaron,

acariñaron a carne infectada

da ferida,

lavaron o sangue

da súa pel

...

e era o noso  
e o deles

...

e tamén  
semellaba  
o dos outros.

## IV

### SANGUE


é

xustamente  
o que lles falta ás margaridas  
–por iso, sempre  
negan  
os pétalos  
a vontade dos pistilos–  
Por iso,  
nunca me levabas aos prados,  
e as ladeiras das montañas  
só eran as coordenadas  
que, aló, ao fronte,  
aproximaban  
a fin da terra

...

Naquel cuarto tampouco collían as promesas.  
[...]

Nin sequera regresar  
a París  
quedara tan lonxe.



ESCRIBIR, UNHA CONDUTA  
ORDENADA

Andrea Ucha Bouzada

Segundo accésit





## PANEXÍRICO

Fronte con fronte. Íntimo. O máis preto que podemos estar do que somos.

## II

Alá, no paralelo, distraccións.  
As demais aspiracións producen estrías.  
Coincidindo en carne e mente  
estamos.  
Sen tocar o que non existe  
todo é presente.

## UN VÍNCULO

E pensar que unha vez pensei:  
quen me dera debullarme!

Vanse, fóronse.  
Ídesvos, fóstesmevos.  
Doedes en min distinto.

## **SUPERPOSICIÓN**

Sempre vou dar co punto fixo en que habitas.  
Xa non sei se me bates ou petas  
no peito.

Mente, fía.  
Hai que encher espazos.  
Teño que facelo sólido.  
Corpo desafía.

A natureza trouxo hedras.  
Xa non sei se agardo ou espero  
flores nelas.

## **QUEN SE PINTOU?**

Unha debuxou.  
O outro tamén.  
Os días deron as cores.

## **S. XXI**

Pasado é futuro.  
Futuro invade a presente.  
Pero o tempo nunca dará de si.  
Entrementres, a vida sae por televisión.

### **DO VERBO *DESAFOGAR***

Ao que miren para o chan e se fixen na borra.

Ao que comprendan que se pode sentir o que se reborda.

Ao que imaxinen non poder botar por fóra.

Piarán pola choiva  
na súa cara.

### **TIC-TOC**

Hai quen se intenta esquivar co sono.

Mais, sobre todo, hai quen non o sabe.

Aqueloutro pisa as raias.

### **LECCIÓN PRIMEIRA**

A luz non se pode pintar.

Cínxete.

Reactivo.

Mesmo paciente,

es ti o suxeito.

## 10

Olla para aí!

Que bonitiña fica na palma da túa man!

Que sombras proxecta co sol! Que debuxos fan!

Que imaxe sobre ti en ti para fotografar!

*Pois o envés é máis amante e fíxose a si mesmo.*

Síntea aí!

Ata non saber quen acocha a quen.

Palma con palma, envés con envés.

Entre vós sen pensar en querer

querelo.

*Bonitos sonche os aplausos!*

**TOTUM PRO PARTE**

Se a luz toda nos ollos,

vexo.

Polo visto

cen é a cen como noventa é a cero.

## SACIEDADE SEMÁNTICA

poesía

Sentir sen sentido. Poesía  
(*sensu lato*).

Sentido no sentir. Poesía  
(*sensu stricto?*).

Poesía. Ser sentido.

*poesía*

## RELATO CURTO

Houbo papel  
e houbo lapis.

Ti tropezas na fala, a min cáeme o ceo da boca.

Renxeran os dedos, téñense sentido voces humanas  
nesta casa.

Xa o sabía eu... antes de esquecermolo.  
Mata a frase (comigo).

## LINGÜÍSTICA APLICADA

Percusoras son as linguas  
que nos falan doutras realidades.

O que non é fala en nós é eco.  
Eco.

Mátanse vidas co silencio.  
Cada un dos días de todos os nosos días.

A esperanza son voces penduradas do aire.

## 15

E da polisemia, o respecto.

As palabras teñen silueta.  
Teñen ser.

As palabras teñen os seus recunchos.  
Teñen poder.

Sen palabras é espidas e nelas,  
personalidade.

## RETÓRICA, DISQUE

—Explícome?

—*Explícote.*

—Esta miña cabeza comeza onde non che alcanza a vista.

—*É como verte de costas; só che falta virarte.*

## TEXTO DE CHEGADA

Cando traduce, reencóntranse.

Máis dun nun

punto.

Á parte.

Deste tempo, deste espazo e dos sentidos todos  
afumarse.

Nós nos nós,  
en puntos e seguido,  
ou en espectro.

Palpábeis  
do seu contínuum  
o seu contínuum  
apalpamos

observamos

cheiramos


escoitamos

preguntamos



-nos  
a que lle saberá  
ese  
punto.

E á parte.



NA CAÍDA DO ESPERADO  
E AGARDANDO  
O RECORRENTE

Anxo Mena Rodríguez

Publicación recomendada



-cuantificar a resolución da agarda  
nun inventario semanal  
en conta atrás

nas imprecisións exactas da natureza  
acubíllanse os acenos á impaciencia  
ou ao apuro

e logo  
relatividade  
ou tempo  
a viaxar a diferentes velocidades

-respirades

na primeira apertura dos ollos  
a luz da cegueira parece iluminar  
como a fraxilidade  
da rexa resistencia

respirades

nas notas átonas  
a melodía desancompasada  
dunha estadía serodía

respirades

pertencedes agora á mesma liña  
dunha xeometría marcada pola inercia  
aberta aos sucos propios  
e á colectividade  
cun social desacougo  
gravado a lume  
con marca de orixe

-a incidencia da comunicación fracasada  
na doma e castración do devir natural  
dunha existencia

-repetición  
reiteración  
e o non  
como forma de comunicación

feito  
ou a ausencia

-calquera son significante  
gaña  
silencio



-o xogo dos cheiros  
das texturas  
das cores

interpretación e tradución indirecta de sinais humanos

-visión periférica en defensa do medo

esvaecemento da sombra

correr lento da brisa

cambio na posición da luz incidente

o reflexo en movemento

previndo o presente

-que se por si é mal e se por non tamén  
e as reflexións irracionais  
dos momentos de silencio

-negociar coa ilusión e o tempo  
 coa ansia e a incerteza  
 novos  
 á sorpresa  
 debaixo da perennidade do inverno

como quen quere balancear a ecuación polo ar  
 ou a fixación de osíxeno nos pulmóns

compensada a disolución da ansiedade  
 o punto no que o tatexar e a taquicardia

e vence o eu

-o materialismo instintivo da educación ácrata  
a dialéctica do non  
discurso des-estruturado  
dedución irracional  
e petición continuada

persistencia tónica común  
aseveración  
crenzas preconcebidas como comportamento

-sentimental uso do agarimo non convencido

-a condensación do día  
en liña de chumbo  
na rasa da viaxe  
caídxs

-os días que son malos  
 cuantificados ordinalmente nun adxectivo nominal  
 tabulan apuntando no repouso

e hai outros tamén



-irracionalidade de resposta no consenso da inactividade  
do deixar pasar o tempo especando no baleiro

-quixera explicar brevemente en voz en off a calidade  
[humana da desnaturalización da sociedade vista no  
[camiñar do baleiro por pasamáns

ti cres que fará frío esta noite?  
ti cres que doce é moito?

ou unha outra pregunta  
e a resposta

-randear o desexo constante  
como capacidade de sorpresa

sorprenderse

inquirir o baleiro ollando en liñas curvas activas

sorprendente

-coidados  
 nos restos comúns

espreitamos á seguridade inmóbiles

aínda que o refugallo lembre os catro r da cadea de  
 recreación  
 o corpo  
 ao igual que a materia  
 non se recolle en ningún habitáculo

-nunha noite de xirafas  
cando era grande  
subía

que historias levan baixo as liñas e os debuxos  
e o verdadeiro conto  
as traídas da noite

-o parentesco do vocabulario básico  
resoando nas cordas  
a xeito de consecución






*relato curto*







GABARRA

Miguel Iglesias van der Woude

Primeiro premio



Gabarra. É unha palabra que meus irmáns e eu aprendemos ben cativos, moito máis cedo cá idade media á que adoitaban facelo os rapaces da nosa contorna, se iso se puidese medir. Porque en Galicia hai moita tradición mariñeira, pero a gabarra non se conta entre as embarcacións máis abondosas das nosas costas. Probablemente, porque non as precisamos. Nin os nosos ríos semellan moi axeitados para elas navegar nin parece que un tipo de embarcación tan pouco mariñeira se adapte á bravura dos nosos mares. Mesmo tamén, talvez, porque este non foi nunca país de estruturas industriais demasiado sólidas.

E que é unha gabarra? Esa pregunta pódoo responder eu, sen a axuda do protagonista deste relato: a maioría delas, para transportar mercadorías a través de ríos e canais do modo máis económico posible. Son embarcacións de fondo plano e ampla cuberta, que non precisan de grandes calados para carrexar materiais moi pesados. As primeiras, anteriores á invención da máquina de vapor, eran desprazadas por animais de tiro dende as ribeiras dos canais. Ese uso inicial evolucionou cara ás gabarras actuais, autopropulsadas, que participan tamén nos labores auxiliares de estiba e transporte de mercancías no interior dos portos ou complementan as dragas na extracción das terras lamacentas dos fondos portuarios. Tamén serven para abastecer de combustible outras embarcacións de maior porte e, por tanto, maior dificultade de movemento en espazos limitados. O seu hábitat natural, en todo caso, son as augas tranquilas dos ríos, portos e canais. Utilizalas como embarcacións para facer travesías interoceánicas non é, nin moito menos, o propósito para o que se deseñaron.

Non hai moita xente hoxe no peirao da ETEA, en Teis, na ría de Vigo. Teño espazo abondo para elixir onde sentarme, e iso obrígame a tomar unha decisión. Se só houbese un sitio, sería todo máis doado, penso para min. Escollo un banco corrido con mesa de pedra, porque nesta mañá luminosa de febreiro apetece sol e o lugar, ademais de solleiro, está gorecido da brisa. Xa instalado, saco unha novela da mochila e comezo a lela. Síntome ben, estase ben.

Pouco despois, algo que de primeiras non identifico desconcéntrame e faime levantar a vista. Aproveito o momento para descansar da lectura e, inmediatamente, oriento a miña faciana para que sinta a cálida sensación que lle guinda o sol. Durante uns segundos aperto os meus ollos e, cando os volvo abrir, a miña mirada queda atrapada polo camiñar paseniño duns xubilados. Sígoos abstraído, ata que os vellos se cruzan cun mozo vestido con roupa deportiva que corre en dirección contraria, concentrado en manter o ritmo da súa carreira. No momento exacto da intersección, a miña mirada vira en redondo e acelera para adaptarse á velocidade do seu novo inquilino. Pero cansa axiña de tanto exercicio e detense, de súpeto, sorprendida pola ausencia de rapazada.

Tanto o parque infantil da miña esquerda como o campión polideportivo da miña dereita están estrañamente desertos. Ata que caio en que hoxe é día de escola. Pola tarde será outra cousa. Os avós, estratexicamente situados a cautelosa distancia, vixiarán o gabear dos netos polo barco pirata do parque infantil. Mentres, os rapaces finxirán ataques ferozes dun barco inimigo. Podo imaxinalos, inquedos, alterados, cheos de enerxía, despreocupados, sen prestarlles atención aos seus senatoriais vixiantes. Pero agora mesmo non é así e o silencio permíteme retomar a lectura cun pracer case palpable. A marea está a medio baixar e achégame aromas de algas, salitre e piche das bateas, por esa orde de intensidade. Cando de novo

levanto a vista do libro cara ao morno leste da mañá, aí está a gabarra, avanzando pola ría de beira sur a beira norte, coa proa enfilada cara ao espigón da ETEA.

Meu pai, canda rapaces, contounos esta historia centos de veces. É curioso como funciona a memoria, polo menos a miña. Lembro os seus acenos coas mans, habilmente introducidos no relato no momento adecuado. Lembro tamén como abría esaxeradamente os ollos, xa grandes de seu, cando era preciso inxectar na súa narración un momento de especial tensión dramática. E, non obstante, pérdome na néboa da substancia do propio relato. Non perdura no meu maxín máis ca un fío argumental moi feble, case doente, que abre moitas feridas de ausencia que agora, fermentadas polo paso do tempo, resultan moi malas de confortar. Dunha semente esquecida na terra da miña memoria agroma o desexo de reconstruír ese relato, como o faría un arqueólogo. Sen fontes escritas, sen fontes orais directas. É complicado, porque para esa encarga só atopo ferramentas bastas e pouco precisas; as miñas lembranzas e as dos meus compañeiros de audiencia. A memoria camiñaría nesa misión a carón da angustia que me provoca saber que tiven a oportunidade de preguntarlle a el, que xa non está, e encher coas súas respostas de primeira man moitas eivas da reconstrución do relato que só podo recompoñer coma un crebacabezas imposible. Un crebacabezas no que as pezas, xa de segunda man, non son máis ca afastadas lembranzas, moitas conxecturas e moi poucas certezas. E a forza do impulso inicial matízase confundido ata case o arrepentimento.

De entre todos os que agora mesmo puidesen estar contemplando a gabarra dende calquera punto da ría, estou seguro de que ninguén o fai como o fago eu. Con curiosidade, con nostalxia, cunha tristura atemperada pola calor do sol invernal, pero tamén pola certeza de que aínda hai cousas no mundo, moitas delas a priori insospeitadas, que

espertan en min o seu recordo. Sensacións que agora collen corpo na miña gorxa, materializándose alí en pequenas partículas invisibles con sabor a homenaxe póstuma. Sería esa gabarra coma a da historia do meu pai? Sácolle unha foto co móbil: unha gabarra partindo en dous fíos brancos de escuma as augas calmas da ría nun día solleiro de inverno. Os meus dedos cobran vida propia e transforman esa pregunta en palabras escritas coa axuda do teclado do teléfono. Algúns segundos de dúbida engaden certo suspense, pero finalmente envíolle a pregunta ao grupo de whatsapp da familia e ilústroa coa foto da gabarra, aínda coa tinta dos píxeles fresca.

Antes de preguntar no grupo, dubidei, xa o dixen. Sei que a lembranza é amarga, especialmente para a miña nai. Pero tamén sei que o azucre do recordo, esa breve volta á vida, ese resucitar de marca branca, adoza dabondo o amargor. E o resultado final, coma no café, deixa unha sensación ao cabo agradable.

O grupo, no que están incluídos os meus catro irmáns, actívase ao pouco. A miña nai contesta: que a ela lle parece que si, que pode ser parecida. Engade que as gabarras son embarcacións propias de países con ríos navegables, coma o Rin, onde adoitan ser usadas para transportar carbón.

O Rin, un deses grandes ríos que vertebraron o interior da Europa central e que lles ofreceron unha saída cara ao mar ás mercadorías, aos minerais e a outras materias pesadas, naqueles momentos da historia en que comezaba a levedar o primeiro capitalismo. Daquela, cando non había nin camións nin autoestradas, os canais e os ríos navegables convertéronse en carreiros polos que transportar todo tipo de bens. E aínda hoxe segue sendo un modo moi rendible de mover mercadorías con destino aos portos atlánticos, onde os barcos mercantes herdán deles a tarefa de completar o traballo de espallalas polo mundo adiante.

Meu pai, que nacera no ano 45 do século pasado, non cumprira aínda os vinte e dous anos. E mergullouse nunha aventura incerta e perigosa: atravesar nunha pequena gabarra parte do océano Atlántico ata ao estreito de Xibraltar. Despois, costear todo o Mediterráneo de oeste a leste para filtrarse polo canal de Suez ata o mar Vermello e finalizar o periplo na cidade saudita de Ieda. El, outro mariñeiro e o capitán da gabarra, máis ninguén.

Escoitei como meu pai contaba a historia en moitas ocasións, pero cantas máis veces a contaba máis cedo desconectabamos todos do relato. Lembro a miña nai, malhumorada, erguéndose de súpeto do sofá para fuxir cando o seu radar albiscaba o comezo dunha nova sesión do espectáculo. Porque o contaba así, con dramatismo, con énfase e afectación. Gozaba contándoo, pero o efecto en nós era inversamente proporcional ás veces que xa nos tiña repetido o mesmo, da mesma maneira, coa mesma liturxia. Pasado o tempo, cando ameazaba con iniciar a narración outra vez, tratábámolo coma ao avó pesado da banda deseñada, que conta historias da guerra mentres todos os seus netos foxen a agocharse. E facíámolo ás veces incluso facendo chacota, rozando a crueldade. Ao principio non lle importaba, continuaba obstinado coa narración pese a que a audiencia decrecía en cantidade e en calidade. Pero pouco a pouco foi cansando das burlas e, co tempo, deixou de contala. E así, sen máis, entre o seu cansazo e as nosas burlas, a historia foi ela soa esvaecendo da nosa memoria.

Porén, algo prendeu en nós, pero o fíxoo de xeito distinto en cada un. Uns lembramos unhas partes da historia e outros, outras. Ás veces, ocorre que lembramos as mesmas partes, pero de maneira distinta. Se el estivese, neses momentos botaríamos man do seu xuízo para resolver as diverxencias de cada unha das nosas versións. Pero non podemos, e así é como un acada conciencia material



da súa ausencia, por eses pequenos detalles que se aparecen arbitrariamente no día a día. Entón dáste de conta de que as lagoas que asentaron no relato permanecerán alí para sempre, no sentido xeolóxico da palabra. Esas, e tantas outras.

Toda esta mestura de ideas desarticuladas converxen na miña mente mentres estou sentado nunha mesa de pedra na ETEA de Vigo. Co libro *Ordessa*, de Manuel Vilas, na man, observo como navega unha gabarra pola ría. E a miña mente navega tamén por estas lembranzas. E o sol quenta delicadamente a miña faciana. Non podía ser outro libro, tiña que ser *Ordessa*, que fala da ausencia dos pais e dos sentimentos que desencadea esa ausencia no autor da novela. O destino? Non sei, non creo. Casualidade en todo caso. A cuestión é que esa conxunción de parámetros coincidentes no espazo e no tempo activa no meu cerebro algo así como un automatismo mecánico que encamiña o meu pensamento cara a unha única dirección. As nosas burlas fixeron que deixase de contar a historia, e agora esa historia podería servir para lembralo, para revivir os días nos que estaba xunto a nós. Un erro aparentemente intranscendente, infantil, cometido hai trinta e tantos anos, pero que arrastramos sen decatarnos. Ata que irremediabilmente xa non ten solución.

Non hai solución? Poida, se só respondemos esa pregunta con criterios absolutos. Meu pai non ha volver á vida así, sen máis, xa o sabemos. Pero quero crer que podemos resucitar a quen queremos á nosa vontade, pensándoo, escribíndoo, falándoo, imaxinándoo. Non é o mesmo, xa o sei. Pero é a única maneira de facelo. E cando a gabarra chega á altura do espigón da ETEA, vira a babor e orienta a súa proa cara ás illas Cíes, de súpeto ocórreseme. Hai xeito.

Meu pai chegou á estación de tren de Bilbao unha mañá de marzo de 1967 despois de viaxar toda a noite. Durmira no tren ocupando os catro asentos corridos dun lado do compartimento, estirado e envolto no abrigo de pano azul que trouxera da Armada ao rematar a mili, había diso un par de meses. O compartimento que lle tocara estaba só ocupado por el e por outro home novo, que fixo o mesmo na bancada de en fronte. Aforrara os cartos da liteira e non descansara tan mal como en principio esperaba, así que podería considerarse que fora unha boa viaxe. A cidade recibiuo cun tempo agradable para aquela época do ano, en contraste coa chuvia e o vento que o despediran en Santiago. Ao saír da estación tomou un taxi que o deixou no porto de Portugalete, fronte ás oficinas dos remolcadores, onde preguntou polo seu cuñado. Pepe *el gallego*, así era como alí o coñecían.

Dous días antes recibira unha chamada de teléfono de Pepe. Chamara ao Forno do Couto, no concello de Noia, que era onde meu pai vivía. Naquela aldea adoitábase chamar ao Forno e deixar alí recado, pois non había outro teléfono en toda a contorna.

—Boas tardes, Aurora. Grazas polo recado, quedo por aquí agardando a ver se volve chamar Pepe.

E Pepe non se fixo esperar moito. Ao cabo duns minutos, chamou.

—Ola, Pepe.

—Que tal, cuñado, como estás?

—Ben, aquí andamos, un pouco aborrecido xa. Necesito atopar algo en que ocuparme, se non vou morrer de agonía.

—Pois mira, chámote por iso. Resulta que estiven onte tomando unhas gasosas –pronunciouno con retranca, para que se percibise o eufemismo– con *Juanillo el Aprietabotas*, un que é *amarrador* aquí no porto. Contoume que hai un barco holandés que vai en tránsito dende Rotterdam

para non sei que carallo de sitio en Arabia Saudita no que precisan dun mariñeiro con urxencia. É un barco pequeno, con tres tripulantes contando co capitán. Un dos mariñeiros ao chegar a Bilbao renunciou, e só con dous non dan feito. Seica collerán pola ruta do Mediterráneo e o canal de Suez. Parece unha experiencia interesante e estes holandeses non deben de pagar mal. Así que pensei en ti. Interésache?

—Pois si, si, interésame, por suposto. Moitas grazas por pensar en min. Onde tería que ir? Que tería que facer?

—Vaia, xa vexo que o tes claro, nin dúbidas! Iso é bo porque disque teñen présa por retomar a viaxe, non dan moito tempo para decidir. Mañá mesmo colle entón o tren para Bilbao, podes? Ao chegares vai directamente á dársena de remolcadores de Portugalete, onde eu traballo. Búscame por alí e acompañote ata o barco, que está nun peirao próximo. Podemos ir camiñando.

Tras os saúdos e o abrazo de rigor dirixíronse camiñando xuntos ata a dársena onde estaba atracada a embarcación. Atopárona enseguida, e alí ficaron os dous de pé mentres miraban calados para a gabarra, que aboiaba indiferente fronte a eles. Tras uns segundos de silencio, Pepe, con xesto contrariado, case gritando, dixo:

—Pero que carallo de barco é este! Con esta merda pensan chegar a Arabia? —meu tío quedou calado, mirando para o chan durante uns segundos—. *Joder*, cuñado, sinto chamarte para isto, vaia putada, *me cago en la hostia* —e deu a volta coas mans na cabeza, decepcionado, engadindo ao final un xesto de desprezo dirixido á gabarra—. Anda, deamos volta. Se queres, agarda por min e imos xuntos para a casa. Xa queda pouco para comer, nun par de horas acabo o choio por hoxe. Ou se prefires vaite camiñando. Xa sabes o camiño, a nosa casa non está lonxe. Xa o sinto, xa. Debera achegarme a ver o barco antes de chamarte, pero ilusioneime coa oferta de traballo

e quixen contarcho canto antes. As présas non son boas, un precipítase e toma malas decisións. Pero vaia merda de barco! Unha *puta* gabarra para navegar ata Arabia!

Estas últimas palabras pronunciounas cun riso despectivo, ao mesmo tempo que lle daba unha patada ao costado da embarcación. A meu pai facíalle graza como o falar da zona prendera no meu tío en tan pouco tempo.

—Non, non! Non te preocupes. Xa que estamos aquí, quero comprobar como é isto, a ver que contan. Igual non é tan malo como parece. Marcha se queres, que tes traballo.


O barco que tiñan diante era unha gabarra duns vinte metros de eslora cuxa proa aloxaba un pequeno guindastre. Xa preto da popa, unha estrutura de dous andares alzábase fronte á cuberta. No andar de enriba, unha ringleira de ventás rodeaba a parte da cabina que se podía ver dende alí. Supuxo que ese tiña que ser o lugar dende onde se gobernaba a embarcación, o posto de mando.

—De acordo, cuñado, marcho entón que teño que facer. Son as doce e media, vémonos logo na casa para comer e xa me contas. Pensa ben o que fas!

Meu pai mirou mecanicamente para o seu reloxo Omega. A esfera, branca con números dourados, marcaba efectivamente esa hora. Alí onde debería ir o tres, un nove indicaba o día do mes no que estaban. Despedíronse. Meu tío colleu camiño de volta para a dársena de remolcadores, no mesmo Portugalete. Meu pai aínda ficou alí un anaco mirando para a gabarra. O casco metálico, visto dende fóra, era negro, a cabina branca e a cuberta, tamén metálica, estaba pintada de verde escuro. A súa manga non parecía superar os sete metros e medio, oito como moito. As bordas levantaban menos de dous metros dende a liña de flotación, polo que cos seus 175 centímetros de estatura meu pai podía ver sen dificultade o chan verde da cuberta dende a dársena. Sumando a súa propia altura e

descontando o alzado do peirao, éralle fácil facer a conta. Con tan pouca altura, daba a sensación de que calquera ondiña en alta mar podería invadir a embarcación sen dificultade. Camiñou pola dársena en paralelo á gabarra para poder contemplala da popa en diante. Chamábase *Karan* e tiña bandeira neerlandesa. O seu estado xeral parecía bo, pero o seu deseño non invitaba a pensar que a viaxe encomendada puidese ser afrontada con garantías. Así e todo, atreveuse a berrar dende a dársena:

—Ola, hai alguén no barco?



VIVIAN MARY HARTLEY

Cândido Paniagua Pousa

Primeiro accésit



O chofer abriu con ímpeto a porta traseira do coche. Os traballadores do hotel-balneario deixaron de realizar os seus labores para contemplar a escena. Do vehículo baixou unha elegante dama, ataviada cun longo vestido de seda cor azul celeste, superposto sobre unha camisa inmaculada de pescozo de volante francés. Amais, portaba un maxestoso sombreiro que cinguía á súa face cun delicado nó baixo o papo. A súa beleza era irradiante. O seu rostro, de finas faccións, dotábaa dun halo celestial, indigno dos humanos. Tiña uns delgados beizos pintados con carmín e mostraba un sorriso entre pícaro e inocente. Os seus nefres eran afiados, aportándolle misterio á súa figura. As meixelas estaban maquilladas con pos rosáceos, volvéndoa máis nova do que xa era. Levaba peiteado o seu cabelo negro acibeche cun moderno corte con ondas que lle chegaban ata un pálido e estreito colo. Mais, por riba duns trazos perfectos, destacaban os seus ollos verde esmeralda. Eran hipnóticos. De facto, o xardineiro quedara aloulado.

Pola outra porta saíu un gallardo cabaleiro de prestancia ríxida. Ía igual de engalanado ca a muller. Portaba un traxe do mellor veludo. A camisa non tiña nin a máis mínima engurra e os botóns estaban aliñados en harmonía. Coroaba o seu tronco unha sofisticada gravata bolboreta de vetas amarelas. Na man dereita levaba un chapeu que puxo nada máis reflectir os raios de sol no seu laso pelo. Na esquerda, suxeitaba un requintado bastón rematado nunha esfera dourada. Era todo un dandi. As asistentas máis novas rexoubaban entre risos a respecto do aquelado que era o señor.

A ama de chaves puxo en orde o servizo dando dúas palmadas. Axiña saíron do seu estado de ensimesmamento.



Un escuálido mozo correu veloz para carrear as equipaxes. Co seu escaso vigor, cargou no portavultos, como boamente puido, as sete maletas que arrastrou con moito esforzo ata a entrada do hotel.

A dama colleu de ganchete o seu esposo e subiron dese xeito os chanzos ata que se adentraron no recibidor do hotel. Alí soltáronse. Enseguida a recepcionista, unha moza albela que podía manexar o control do centro ela soa, acompañounos para que se acomodasen no seu cuarto. Aloxáronse na única suite que había no balneario. Era a habitación máis ampla, co mellor mobiliario e con vistas ao monte. Ninguén os perturbaría no seu descanso. Ninguén, agás o doce cantar dos merlos que conseguía penetrar as grosas paredes de pedra.

Sen dúbida, aquela parella debía ser moi importante. Palpábase o nerviosismo no ambiente. Nunca antes se perseguira tanto a perfección como durante o tempo que durou a súa estadía no establecemento. Asemade, o seu comportamento foi bastante esquivo co persoal. Demostraban unha gran petulancia. Iso suscitou dúbidas e ruxerruxes, dado que aquel era un lugar familiar, de ociosidade pracenteira e onde se forxaban grandes amizades. Un remanso de tranquilidade reparadora para a saúde dos hóspedes.

A primeira tarde pasárona pechados no seu cuarto. Non fixeron aparición ata a hora da cea. No comedor principal tiñan reservada a mesa sita a carón da ventá máis grande da sala. Por ela entraba a tenue luz que emitían os astros. Unha candeia de cera adobiaba o mantel. Desfrutaron da comida. Mesmo pediron repetir, el o xamón asado e ela a sobremesa. Brindaron con champaña. Os risos, as miradas cómplices e as caricias foron obxecto de rexoubas entre os outros comensais. Algún intentou poñer a orella, mais non entendía a conversa. O inglés non era unha lingua doada para a xente da comarca de Verín, nin tan sequera para os fidalgos de maior casta.

Ás once e media os camareiros guiaron a todos cara á seguinte estancia: un enorme salón con fermosos tapices nas paredes e lámpadas xigantes de cristalaría artesanal que penduraban do teito. Ao fondo, sobre unha tarima de parqué, unha pequena banda pretendía amenizar a festa. A lustrosa pista de baile era de mármore negra de Carrara. Había uns cantos bustos e dúas pinturas: unha do maxestoso castelo de Monterrei e outra do balneario, en versión panorámica. A música comezou a soar. O son retumbaba e penetraba polos oídos, chegando ata os pés, provocando que, involuntariamente, buligasen. Pronto, un tango fixo que os improvisados bailaríns se collesen da man e vivisen un momento íntimo ben pegadiños. *Lento, lento, rápido, rápido, lento*. Pouco a pouco, a parella estadounidense foi situándose no medio da pista, formando ao seu redor un círculo que os examinaba con cobiza. Movíanse ao mesmo compás, cunha postura corporal perfecta. El colocou ben a súa man dereita nas costas dela. Ao mesmo tempo, ela pousou a súa man esquerda no ombreiro del e, dando un paso delicado cara atrás, realizou varios xiros *en oito* cos pés. Ocorreu a tal velocidade que parecía flotar. Fitaron o un para a outra con total sedución. Aquilo non era un simple baile. Era paixón. Pura paixón. Ao remate da peza, o público aplaudiu cunha estrepitosa salva de aplausos enxordecidora. Mesmo houbo asubíos e gritos de loanza. Eles, coma bos artistas, deron as grazas inclinando o seu tronco cara adiante.

Un dos alí presentes, tomou a iniciativa e presentouse:

—*My fair lady*, son Xacobe Fitz James-Stuart, duque da Casa de Alba. É un pracer que nos deleite coa súa arte —bicoulle a man, facendo unha pequena reverencia.

—Eu son...

—Sei quen é vostede. Unha estrela digna de admirar —ela arrubiou—. *Sir Olivier*... —el correspondeulle o saúdo estreitándolle a man—. Gustaríame que nos coñecésemos.

Se vostedes gustan, podemos cear no meu castelo nas vindeiras noites. Sería toda unha honra para min que me deleitasen coa súa presenza.

Axiña se descubrira a identidade dos misteriosos hóspedes. Dúas estrelas de cine, provenientes do afastado Hollywood, elixiran aquelas singulares terras para pasar uns días de repouso, tomar uns baños medicinais e desconectar da algarabía que arrastraban tras de si, logo dos seus últimos éxitos cinematográficos.

O doutor Dosantos chegara máis cedo do que acostumaba. Aquel home adusto e parco en palabras pediu a listaxe de pacientes. Mais, antes de se recluír no seu despacho, exixiulle á súa secretaria que cancelase todas as consultas dese día. Todas, agás unha.

A señorita Leigh, sempre acompañada do seu esposo, petou na porta. A voz grave do facultativo convidouna a entrar. A súa cara de cansazo delataba a algeirada nocturna que tivera. As olleiras resaltaban sobre a súa pálida pel. Levaba o pelo recollido nun moño feito ás presas e vestía un camisón. Aínda así, a pesar de madrugar, da falta de sono e de non estar enfeitada, a súa beleza era tan pronunciada que estaba fermosa outrosí.

As agullas do reloxo deran varias voltas á esfera. Apenas se escoitaba tras da porta. Algúns empregados, levados pola curiosidade, intentaran oír a conversa que mantiña entretidos a parella co médico. Non ouviron ren. Des que chegaran, os arcanos sobre a súa figura ían en aumento e a inquietude apoderábase deles. Case ao mediodía, os actores saían abatidos. Ela tapaba o rostro. Semellaba que estivera chorando. Os empregados actuaban coma se nada estivese a suceder, mais non lle quitaban ollo de esguello.

Coma se dun cabalo a galope se tratase, Moisés, un dos traballadores máis avezados, correu ata a consulta, levantando tras de si un nubeiro de po osmón. Era un dos poucos intocables que alí residían. As malas linguas comentaban que era un proscrito da guerra. Confeso republicano, atopara en Cabreiroá un edén onde gorecerse da masacre franquista. Apenas se sabía nada do seu pasado. Endexamais falaba diso. Evitaba toda conversa que o puidese prexudicar. Tampouco formara familia. Tiña dabondo con salvar a vida e manter oculta a súa verdadeira identidade. Era un home espigado, de cabelo crecho e mans fortes. Por veces, asistía o doutor nos casos máis complexos. Estivera un par de anos na facultade de medicina antes de que estourase o conflito bélico. Rematara de se formar lendo libros ás agochadas no soto do hotel polas noites. O resto do día atendía os clientes, por veces como masaxista, outras como enfermeiro ou incluso como acompañante. Era un dos que máis dominaba sobre os baños terapéuticos que alí se daban e, na maioría de ocasións, as donas máis avelladas exixían os seus consellos. As instrucións que lle deu quedaran claras, e ben seguro que as cumpriría á perfección.

Aquela mesma tarde Vivien fixo aparición na piscina do balneario. Vestía unha bata vermella de seda que escorregou con parsimonia pola súa fina pel. Esvarou con suma facilidade ata caer ao chan e quedar chafada. As dúas pezas de tea a cadros que lle tapaban os seus senos e o sexo confrontaban cos traxes de baño das mulleres autóctonas que ocultaban os seus corpos debido a cuestións morais. Algunha xa escoitara falar dos bikinis, mais como ían disimular as súas vergoñas con semellante atavío?

A artista lucía de xeito extraordinario. Era a envexa do momento e o obxecto de desexo dos homes. Ela, coa seguridade que a caracterizaba, obviou todo tipo de miradas e concentrouse no seu tratamento. Meteu as dedas na auga

para tomar a temperatura do primeiro estanque. Un calafrió ordenoulle elixir outro que estivese tépedo. Devagar foise introducindo ata deixar o corpo en absoluta quietude e converterse nun obxecto de resistencia contra os chorros dos chafarices.

Vivien asustouse cando, con moi bo tacto, comezou a recibir unha masaxe. Non se inmutou, disfrutou do momento. Cando Moisés rematou, ela mirouno para dulle as grazas. Ao intre, quedaron presos o un da outra. Os ollos cor mel del provocaron un ardente desexo incontrolable nela. Asemade, el sentiuse débil fronte a unha muller única coma ela. A conexión foi intensa. Sen pronunciar verba, sentiéronse, amáronse en segredo, apaixonáronse en silencio. De non ser pola aparición de Laurence, o momento sería imperecedeiro. Deseguida, el liscou e non fixo aparición ata unhas horas despois.

Ao saíren das saunas, Moisés estábaos agardando. Entregoulles uns albornoces de algodón e deulles unha bebida isotónica para se refrescaren. Con degoiro, removeu as beberaxes e asegurouse de que Vivien a tomaba enteira. Logo, perdeuse tras as sombras dos vestiarios ante o atento ollar da actriz.

Os días pasaron e Laurence decidira non pospoñer máis o convite do duque. O actor estaba moi interesado en fraguar unha boa amizade con Xacobe. Pensaba que podería ser beneficiosa para desenvolver con éxito a súa carreira en Europa. Quizais se atrevería a financiar algúns dos seus próximos proxectos. Pola contra, a Vivien non lle apetecía nada aquela visita de rigor. Prefería quedar no balneario, bañarse, beber os refrescos que con tanto agarimo lle preparaba Moisés e xogar a finxir que entre eles dous non ocorría nada. Era excitante sentirse coma adolescentes libres, despreocupados e, á vez, atemorizados por viviren unha situación que os puña en risco a ambos.

Antes de partir, buscou todo tipo de escusas para tentar zafarse. Foi en van. Entre Laurence e ela fora crescendo un baleiro sen se decataren. Quedaba o cariño e o respecto mutuo, mais o modo de entender e de levar as súas vidas era cada vez máis diferente. A el preocupáballo a fama, o éxito e o poder; a ela, o amor, os mecos e a boa compañía.

—Laurence, non me atopo ben. Estou cansa. Eu case que prefiro quedar descansando —balbuciu con voz pesarosa.

—Non podemos adialo máis. A ese home encántalle a túa presenza. Debes asistir e non se fale máis. Ademais, o doutor conveu en que debías saír destes muros. Des que chegamos, non pisaches máis terreo ca este —díxolle en ton anoxado.

Sen ganas, retocou o peiteado, colleu o bolso, e acudiron á velada.

Diferentes personalidades locais déronse cita no castelo de Monterrei. O duque da Casa de Alba non escatimara en gastos. Non faltaba detalle. Organizara un gran foliÓN. Mais ninguén tiña dúbidas de que argallara todo aquilo para presumir dos seus novos amigos norteamericanos. Todas as conversas xiraban en torno a eles. Os convidados preguntaban sobre como era rodar un filme, como conseguían interpretar os personaxes ou sobre como eran quen de traballar sempre xuntos.

—É o noso motor de vida. Coñecémonos nos estudos, namorámonos rodando e precisamos o un da outra para continuar refulxindo.

Laurence rememoraba os seus comezos coma noivos con tanta viveza que transmitía un fervor inesgotable, o cal para Vivien ía apagándose. A artista comezaba a estar farta de ter que aturar o histrión do seu marido, de apuntalar unha fachada que caía, de non poder ser feliz. Durante as semanas que levaba no balneario decatárase de que as nimiedades vitais eran as que maior satisfacción lle outorgaban. Cansara de finxir, de actuar constantemente,

de ser un monicreque movido polo seu esposo. Atopábase enclaustrada. Mais, por fin, atopara a solución para poder fuxir. Cavilou o papel axeitado e, sen demora, púxoo en práctica aquela mesma noite.

—Propoño un brinde pola señorita Scarlett O’Hara —pronunciou o duque—, interpretada pola estrela máis célebre do cine actual.

Os alí presentes alzaron as copas e dispúñanse a celebrar cando Vivien decidiu intervir ante tanta hipócrita reverencia.

—Algúns críticos consideraron conveniente chamarme *estrela*. Mais son ben parvos, tanto, como para dicir semellante barbaridade. Eu son actriz. A secas. Ser unha estrela de cine, só unha estrela de cine, consiste en levar unha falsa vida, liderada por falsos valores e por intereses comerciais e persoais. As boas actrices traballamos moito coa finalidade de representar papeis maravillosos. E iso é o que quero, liberarme desa obriga e responsabilidade que me cargaron e que non podo seguir soportando. Eu brindo tamén, mais fágoo por Vivian Mary Hartley.

Os invitados quedaron atónitos ante tales verbas. O silencio imperou e transformou a cea no fío dunha navalla. A tensión era latente. Vivien desafiaba coa súa expresión o seu marido e mais o duque. Pretendía incomodalos. E conseguírao. Xacobe, no seu afán de manter as formas, brindou contra a súa copa.

—E agora, desfrutemos da sorpresa que lles teño preparada, meus amigos.

O duque levounos a outra habitación onde tiña un proxector de vídeo. Semella que era dos últimos modelos pola súa cor agrisada coruscante. Sobre a tea branca proxectouse o título do filme *Gone with the Wind*. O filme aínda non fora estreado en territorio peninsular por mor da censura, e eles serían os primeiros afortunados en visionalo.

A actriz protagonista da película decidira quedar tras deles. Non lle apetecía revisionar a historia pola que lle deran un Oscar. Os espectadores estaban absortos. Non perdían ripio. Laurence comezaba a preocuparse polo comportamento da súa muller. Cría saber o que lle podía estar pasando pero non tiña medios para axudala.

O doutor Dosantos achegóuselle e entregoulle un pequeno frasco de cristal que o actor axiña adiviñou para que era. Calmaría a Vivien con aquel fármaco. Colleu un vaso e mesturouno con auga. Logo, achegouse a ela e observouna con detemento. Estaba a musitar os diálogos da película. Os ollos enchéronselle de bágoas ao repetir entre dentes a súa popular frase.

—*As God is my witness, I'm never going to be hungry again!*<sup>1</sup>. *But I'am angry!*<sup>2</sup> —espetoulle fitándoo namentres bebía un grolo.

El non se inmutou. Pensaba que o repentino cambio de humor se debía á súa enfermidade. E non lle deu maior importancia. Ela continuou a esaxerar o seu estrambótico comportamento.

Chegando case ao final da película vociferou as frases coas que remataría a súa estelar intervención. Repetiu con ton de burla, imitando a voz do seu esposo, as verbas que, angustiada, Scarlett pronunciaba no filme.

—«Onde irei? Que farei?»

Acto seguido, tomou as de Rhett Butler para cravarllas, coma se de espadas se tratasen e marcar a fin.

—*Frankly, my dear, I don't give a damn!*<sup>3</sup> —e coa mesma, liscou.

El quixo freala. O doutor detívoo. Na súa fuxida, espetou o vaso contra a tea branca, deixando unha mancha

---

1 *A Deus poño como testemuña e endexamais volverei pasar fame!*

2 *Mais estou anoxada!*


3 *Francamente, cariño, impórtame un carallo!*



vermella por mor do litio que lle subministraban para frear o seu trastorno.

Espertou cos primeiros raios de sol que se filtraron polas contras. Estendeu o brazo e buscou a Moisés na cama. Xa non estaba, abandonara o leito. En fronte, sentado coa mirada fixada nela, as mans cruzadas, a camisa luxada e os zapatos enlamados abesullábaa Laurence. Obrigouna a vestirse. Fixeron as maletas e, sen tempo para almorzar, abandonaron o balneario de inmediato. Non deron explicacións, mais todos sabía o que acontecera a noitada anterior. Ninguén se atrevería a falar se querían seguir vivos.

A ama de chaves, deseguido á súa marcha, ordenou limpar o seu cuarto con lixivia, queimar as sabas e borrar cantos recordos houbese deles. Así mesmo, no terreo tou-tizo arredor da fonte central que había na entrada do hotel, obrigou o xardineiro a plantar flores e mantelas sempre vivas en memoria do seu fillo Moisés.



# BARREIRAS

Xosé Sobral Amoedo

Segundo accésit



## A DESPEDIDA

Antes de que trasladasen a Xania ao arrabalde do sur, e malia que a súa relación noutrora estreita se fora arre-friando nos últimos anos até caer nunha pequena era gla-ciar, conviñeron un encontro de despedida. Este resultou cordial, aínda que tamén moi breve e apresurado, como se ambos os dous estivesen de acordo respecto a que esa amabilidade que intuían finxida só sería posíbel de se daren présa por concluír. Mais mesmo así ela tivo tempo abondo para dirixirlle unhas palabras que lle induciron certo desazo: «Non sabes de que lado estás nin estarás, Sael. É imposíbel ter esa certeza».

Os dous bicos de despedida non conseguiron esluír o ascenso da tensión que agromou entre eles nese último *impasse*. O receptor do comentario notou unha punza-da no bandullo polo que interpretou como unha última ousadía de Xania; non foran tanto as súas palabras coma o ton, unha entoación na que intuía unha oufanía que, sen ser abertamente desconsiderada, si se fixo notar. Isto turbouno; secasí, e malia as súas tremedeiras interiores, encaixouno cunha finxida pero moi lograda enteireza e mesmo se despediu sen perder o sorriso. Isto reconfor-touno; despois de todo, a el nada lle ía naquela lea na que Xania teimara en se encerellar e, aínda que a súa men-te tremelicase ao barruntar o que significaban aqueles pequenos desaires, cando menos puido festexar que o seu corpo e a súa pel entendesen cal era a maldita realidade: el estaba no certo. Que enervante lle resultaban as oca-sións nas que acontecía o contrario, cando o seu pelello teimaba en contradicir o seu sentir; todas aquelas odiosas

situacións nas que tremía ou azoraba sen vir a conto, de xeito que se sentía empequenecido ou apoucado ante persoas as que, intimamente, menosprezaba, e que para nada sentía dignos de lle causar intimidación.

Mais naquel caso a súa carne non o traizoou, e reaccionou como cumpría, mantendo toda a súa turbación agochada nas entrañas e ao abeiro dunha pel que, por unha vez, se amosou blindada. Unha pequena vitoria, abofé; e tamén un bo xeito de subliñar a que sen dúbida era a verdade. Xania trabucábase: el si sabía moi ben de que lado estaba. Ou polo menos si era moi consciente de a quen non se opuña. E isto era o que en verdade importaba nos tempos que corrían. Só algúns incautos se negaban a entendela.

## OS NOVOS TEMPOS

Aurora Luminosa chegara ao poder nove anos atrás. O seu ascenso podía cualificarse como meteórico; en apenas unha década, a formación pasara de ser un partido minoritario con sonda de caverna de extremistas a resultar central para a gobernabilidade do Estado. Cando entraran na escena política, dúas décadas atrás, as opinións dos seus líderes e as súas arrogantes bravatas facíanse en exceso histriónicas, característica que, malia que lles granxeaba certas simpatías e os convertía nunha opción de referencia para a canalización do descontento social, tamén freaba as súas aspiracións electorais e limitaba os seus resultados nos comicios. Todo mudou, non obstante, cando formaron goberno en coalición con Terra Nosa, a organización que levaba décadas no poder, e que, tras ducias de escándalos e unha desastrosa xestión, perdera suficiente popularidade como para non poder formar goberno en solitario. Daquela necesitaron un pacto, e só Aurora Luminosa lles amosou a súa disposición. Dese xeito foi como o país se afixo á

proximidade ao poder dos outrora histriónicos marxinais, e finalmente, coa chegada da recesión e as frenéticas convulsións da economía, acabaron concedéndolles o goberno en solitario.

Os cambios en profundidade que prometeran non se fixeron agardar.

## NOVO RUMBO

«Brío e enerxía», ese foi o seu lema de arranque. Unha vez á fronte do executivo, e malia a sempiterna puerilidade das súas declamacións, ousaron adoptar medidas que noutrora se considerarían intolerábeis. Para facelo aplicaron unha sistemática que co tempo terminaría por volverse familiar: o avance con paso curto; a pequena e atrevida medida que, unha vez asentada, se complementaba con outra lixeiramente maior e á que sucedería algún outro paso na mesma dirección. Existen estudos que indican que, se lanzas unha ra a unha pota de auga fervendo, saltará fóra no acto, pero se a metes nunha chea de auga fría e logo esta se vai quecendo a lume moi lento, permanecerá nela até morrer abrasada. Velaquí o proceder de Aurora Luminosa: sempre actuaban con paso decidido pero curto, minuciosamente curto. Para que ninguén se sobresaltase. Para que todo semellase «normal». E por iso tan poucos reaccionaron.

—Pretenden que nos sintamos afogados –protestou Xania, que desde o primeiro intre formara parte da protesta ante aquel festexado tempo novo—. Que consintamos as súas propostas a cambio dunha forma velada de adulación cara aos nacionais.

—Non sei de que diaños falas –replicou Sael, ao tempo que negaba coa testa en sinal de desaprobación—. Levamos décadas aceptando como válido o concepto de *discriminación positiva*. O único que acontece agora é que

esta beneficia os nacionais, e non os estranxeiros. Se o anterior che resultaba aceptábel e ti mesma o defendías con arroubo, non entendo os porqués de que agora se che antolle intolerábel. Ademais, non irás negar que, en xeral, eles adoitan dar máis problemas ca nós.

—Non podo crer que esteas defendendo semellante postura, Sael —replicoulle apesurada—. Nin expresándote con tanta comodidade en termos de «nós» e «eles». Non agardaba tal cousa. Non de ti.

—Amodo, Xania, que iso xa é chantaxe emocional. Por que non me explicas en que me trabuco, se o tes todo tan claro?

—De verdade teño que replicar? —Sael non respondeu. Ela considerou o seu silencio unha invitación a afondar—: A discriminación, cando favorece un grupo privilexiado, deixa de ser positiva, e convértese en simple discriminación. E os actos de discriminación non terían tanto éxito de non ser porque a indignación que poderían provocar queda diluída no pracer que xera sentirse entre os escollidos. Dito con outras palabras, Sael: denigrar un grupo étnico non deixa de ser un modo indirecto de exaltar outro, facendo así que a simple pertenza a este resulte reconfortante. E se non mírate a ti mesmo, o contento que parece estar de formar parte dese «nós» que seica non dá problemas.

Non soubo que retrucarlle. Nunca se lle dera ben discutir. Lamentaba fundamente a súa falta de reflexos, aquela lentitude á hora de reaccionar e argumentar, e que as réplicas idóneas sempre lle viñesen ao maxín a destempo, cando xa só lle valían para rumiar mentalmente cursos alternativos e vitoriosos para a liorta na que unha vez máis quedara sen palabras.

—Eu non son racista, Xania —apenas atinou a murmurar.

Ela sorriu. Sael non era racista. Ninguén resultaba selo. De feito, nin sequera a mesmísima Aurora Luminosa aceptaba tal condición e, a dicir verdade, evitaban selo cando

menos á maneira truculenta e fachendosa do Ku Klux Klan. A súa aposta era a orde; ante todo, eles disque eran iso: *xente de orde*. Por iso desprazaron os traballadores estranxeiros ao norte da cidade: para que todo tivese neste mundo o seu lugar. Un específico e concreto. Un propio, para eles. E como ademais lles entregaron aos resituados vivendas (humildes pero salubres) na súa nova zona, considerouse que o suposto agravio non era tal, pois recibíase a cambio unha xenerosa compensación.

Ou cando menos así se valorou a medida até que, dous anos despois, dando un paso máis, decidiron rodear a área cun valo. Daquela foi cando na cidade estouparon os disturbios. E non demorarían en repetirse en moitas cidades máis.

### EFECTO DOMINÓ

A partir dese intre os feitos sucedéronse a unha velocidade extraordinaria. A ira nos barrios para traballadores estranxeiros desatouse pola colocación de valos vixiados circundando o arrabalde, e o goberno de Aurora Luminosa rematou por conseguir que as imaxes dos violentos choques entre os manifestantes e as forzas do Estado servisen para lexitimalos. Aqueles individuos non se aviñan á orde, constituían un perigo para a colectividade e, en consecuencia, non se esaxeraba cando se afirmaba a necesidade de contelos con firmes barreiras. En adiante, ninguén non circunscrito polas cercas protestaría pola súa presenza. Ben ao contrario, algúns até solicitaron máis.

Só cabe engadir que non demoraron en conseguilas. E tamén en que se suspendesen as garantías constitucionais. Aurora luminosa posuía poderes plenos. Era o único xeito de que a orde estivese garantida.



## FELICIDADE

O último traslado na cidade fora o dos chamados «traballadores de baixa produtividade». O goberno quería subliñar o ben que ía todo desde que eles estaban no poder, e para iso lanzaron un novo lema: «Nunca a vida foi tan feliz». Pero a felicidade e o benestar non son doados de transmitir en imaxes e carteis; trátase dunha emoción perceptíbel, pero non tanxíbel nin fácil de visualizar, así que acabaron por reducila a unha cuestión cosmética. Foi daquela cando da cidade impecábel que as autoridades municipais querían amosar lles sobraron as cadeiras de rodas, o andar disharmónico dos lesionados medulares e os monólogos solitarios dos considerados desequilibrados. Pero os afectados non foron xebrados de xeito cruel e inútil: outorgóuselles vivenda e un lugar neste mundo, tamén situado na periferia. Daquela produciuse a relocalación de Xania, que fora rexistrada como *violenta e desequilibrada*. Malia ser unha nacional, participara nas protestas e nos disturbios que as sucederan. Mesmo fora detida en varias ocasións. Un claro caso de cidadá sen esa conduta equilibrada que a nova orde demandaba.

*Que diaños se lle perdera a ela naquela batalla por completo allea? –preguntábase Sael–. En fin, Xania a idealista, a inxenua, a soñadora; ela e a súa teima de meterse onde ninguén a chamara e no que nada lle ía. Pícara inocente! Pobre inxenua!*

## O DERRADEIRO CHANZO

Coa chegada da seguinte primavera, aquela que sucedeu ao inverno no que se organizaron os últimos reasentamentos na cidade, Sael quixo recibir os primeiros raios

de sol camiñando até o monte Orsai. Ademais de agradecido pola benevolencia dos elementos, sentíase afortunado; gozaba dun traballo, que, se ben era duro por mor dunha xornada laboral que rozaba o extenuante, cando menos quedaba moi preto do seu fogar. Vivenda e traballo no centro, dous sinais de boa fortuna e de dispor das mellores referencias. Que diaños, el ben o merecía: era un nacional feito e dereito, a súa xuvenil louzanía transmitía toda a felicidade que desexaba o goberno para o seu pobo e xamais se encerellara en protesta ningunha. A quen se non lle ían outorgar tan boa posición?

Feliz por estas conclusións –aquele luminoso xocer da vida no que por fin o situaban onde merecía–, conveu festexar a xeira de lecer cunha boa camiñada. Pero nesta ocasión, por primeira vez en anos, tería que ir até o monte Orsai sen Xania. A súa ausencia seguía a desacougallo; velaí que aceptase sen protestar a elongación da súa xornada laboral e a redución dos días de descanso: calquera cousa era mellor que seguir a cismar, ou descubrirse unha vez máis anhelando outra velada xuntos ao carón do lume nalgún albergue rural ou as madrugadas procurando un último bar aberto no que tomar un grolo máis. Non lle achaba sentido a sufrir máis por aquela perda: malia os seus dengues de alma traizoada, fora Xania quen o abandonara. Ou acaso non fora ela a que quixera que as cousas rematasen daquela maneira? Despois de todo, de se propor tal, ela tamén residiría no centro. E velaí que as súas palabras de despedida lle pareceran tan superfluas e absurdas: era a fatua de Xania a que non parecía ter nin idea de cal era o seu lugar no mundo nin onde diaños se atopaba.

*Que saberás ti, Xania, miña coitada –cismaba acotío–. Parviña soñadora. Alma cándida.*

Custáballe recoñecerse a si mesmo esta realidade, pero o certo era que lle tiña pavor á posibilidade de que se producise entre eles un encontro casual. Demasiadas cousas

lles quedaran a ambos os dous sen dicir, e aqueles esforzados silencios remataron por resultar máis estrondosos ca os peores ouveos. Canto lume podía agoirar na súa mirada! Canto ía ela ser quen de lle dicir con só ollalo en fite!

—Eu non son racista, Xania –volviera protestar–. Nin menos aínda esa mala persoa que parece pensar.

—Sei que non es obxectivamente ruín –concedera ela–, e iso, en circunstancias normais, poida que abonde. Pero non estamos nese caso. Os tempos requiren valor. Só se pode ser bo sendo valente. E ti non estás a selo.

Malia que non chegara a pronunciar a palabra, soubo que o estaba a chamar covarde. Por nada do mundo quería confirmarlle tal condición. Comezou a terlle medo ao propio medo; temor a vela e non ser quen de manter a compostura, a amosarse intimidado pola súa presenza; pavor ás semanas ou meses de aflicción que virían despois, as ducias de reconstrucións no maxín da escena, con aquela súa excelente memoria para todo o que se lle antollaba humillante ou vergoñento. Se cadra sería máis do que podería aturar.

Malia que o monte Orsai estaba cara ao sur, acabou preferindo saír da cidade seguindo outra ruta, unha que lle evitase cruzar a pé o arrabalde no que a reasentaran. Escolleu ao chou a alternativa leste. Mergullado sen sentimentos ambivalentes (non había maneira de negarse a si mesmo que aquel xeito de se librar do medo non era demasiado digna), non demorou en se frustrar ao dar cos valos que tamén pechaban a periferia naquela zona.

Tirou do peto un mapa da cidade e planificou outro itinerario seguro, un que non lle brindase ao seu corpo a posibilidade de traizoalo para confirmar ante Xania a covardía que lle supuña. Analizadas as alternativas, colleu un desvío cara ao norte. Pero outro tanto aconteceu alí, aquel tamén resultou ser territorio acoutado. Nesta ocasión nin sequera tentou achar ocos nas cercas: en realidade

non lle chistaba nadiña a idea de cruzar unha área considerada especialmente conflictiva e na que os habitantes do centro eran percibidos como simpatizantes e colaboradores da odiada Aurora Luminosa. Dese xeito, volveu tomar un novo desvío, pero seguiu atopándose barreiras e arrabaldes valados. Tras unha hora de camiñar ao chou, resignouse a ir cara ao sur. Era o único lugar que quedara aberto despois das últimas revoltas. O oco do funil. O fogar de Xania.

*Maldita sexas, Xania!*

Abondou que arrostrase esa dirección para que o seu sistema nervioso entrase en estado de máxima alerta. Músculos tensos, respiración acelerada, ollada á espreita: abofé que temía atopala! Non, por nada do mundo quería encarar a súa estoxada e ácida mirada. O seu corpo íao traizoar. E de xeito estrondoso. Ventábao. E aquela caste de agoiros nunca erraban. De verdade pagaba a pena exporse tanto?

Detívose.

Durante uns segundos, no último treito antes de arrostrar o arrabalde do sur, aproveitou para coller azos. Pero non puido: as dúbidas arremuiñábanse na súa chola nun frenesí tan atolado que imposibilitaba calquera caste de acougo. De verdade lle prestaba tanto a camiñada até o Orsai como para se arriscar a meses de aflicción e vergoña?

Antes de dobrar a última esquina, pensou na posibilidade de volver sobre os seus pasos. Pero aquilo era ridículo: non tiña sentido ser tan covarde por temor a parecer covarde, e menos ante alguén que nada quería saber del nin xamais volvera facer por retomar o contacto. Así que enguliu cuspe, encarou a rúa que levaba cara ao arrabalde e, cando xa arrostraba o camiño, como se o mesmísimo diaño a puxese alí, nunha visión que o petrificou de horror, viuna a ela: unha nova e definitiva barreira. Un último muro infranqueábel.

E entón por fin o entendeu.

Como un certo disparo dirixido á súa fronte, as palabras coas que se despediran resoaron na súa cabeza. Lembrou a advertencia de Xania, as súas verbas completas:

—*Toda barreira ten algo de gaiola, Sael, e tamén te encerra un pouco a ti.*

—*Non se estás fóra da gaiola.*

—*Non sabes de que lado estás nin estarás, Sael. É imposible ter esa certeza.*


Tivo que recoñecer que Xania atinaba: quizais non sexa tan doado saber que lado da barreira acabada de erguer che corresponde.

Coa dúbida aínda en mente, resignouse a volver ao centro, aquel idílico espazo onde debía seguir amosando até que punto Aurora Luminosa o estaba a facer feliz.



*traducción*





# O STARLIGHT EN IDAHO

Adrián Presas Sobrado

Primeiro premio



**Datos da obra:**

**Autor:** Denis Johnson

**Título:** *The Starlight on Idaho*

**Lingua de publicación:** Inglés

**Lugar e ano de publicación:** *The Largesse of the Sea Maiden*,  
Nova York, 2018

**Editorial:** Random House

Querida Jennifer Johnston:

A ver, por poñerte ao día de todo, os últimos catro anos deixáronme machucado. Intento volver a aquel punto no que estaba en quinto curso cando me enviaches unha nota cun corazón que dicía «Querido Mark gústasme moito» e eu deille a volta a esa nota e escribín no reverso «Gústoche ou quéresme?» e ti escribíchesme unha nota nova con vinte corazóns e mandáchela de volta polos corredores e dicía «Quérote! Quérote! Quérote! Quérote!». Podería contar sobre quince ou dezaseis anzois cravados na miña barriga con liñas que van ás mans de persoas que non vía desde había moito tempo, e esta é unha delas. Pero déixame poñerte ao día. Nos últimos cinco anos fun arrestado sobre oito veces, disparáronme dúas, non dúas nunha ocasión, senón unha en dúas ocasións diferentes etc. etc., e creo que me atropelaron unha vez pero nin sequera o recordo. Amei unhas dúas mil mulleres, pero creo que ti es a número un na lista. Iso é todo amigos, cambio e corto.

Cass (en 5.º curso chamábasme Mark, o meu nome completo é Mark Cassandra)

P.D.: Onde estou?, poderías preguntar. Ten graza que preguntes. Despois de todas aquelas aventuras estou de novo aquí, nun lugar non identificado en Ukiah, no Cu do Norte de California.

CASS

\*\*\*

Prezado vello amigo e querido padriño Bob:

Escoita as últimas novas dende o Centro de Recuperación de Adiccións Starlight na avenida de Idaho, máis coñecido nos seus días de gloria como Motel Starlight. Creo que debiches agocharte aquí unha ou dúas veces. Si, creo que debiches acabar tirado na cama borracho no cuarto 8, precisamente este no que agora estou sentado diante do seu escritorio escribindo esta carta, que é unha das poucas que enviarei porque necesito unhas cantas cousas que están naquela caixa do teu armario, ou espero que aínda estean alí. Creo que hai uns vaqueiros e creo que hai uns cantos pares de calcetíns e, de feito, estaría ben se puides traer a caixa enteira. Quédame unha prenda de cada, excepto por dous calcetíns, que son brancos pero non da mesma marca. As miñas botas boas racharon, pero aquí déronme un par de zapatillas de deporte de segunda man estupendas. Pero estou a escribirche para dicirche isto: que non fuxirei a ningures, aguanto no meu sitio, teño pensado cumprir o trato e aquí dígoche o porqué. Porque, absolutamente, os últimos catro anos deixáronme machucado. Nos últimos catro anos disparáronme, encarceráronme, declaráronme louco etc..., e aínda que só teño trinta e dous anos son a única persoa que coñezo que estivo de verdade en coma. Unha e outra vez teño sido preguntado polos médicos, que probablemente saiban do que están a falar, «Por que non estás morto?».

Oh, creo que acabo de botar unha sesta. Aquí téñennos co Antabus e, ás veces, clic, simplemente vaste durmindo e a soñar. Suponse que nuns poucos días irá pasando.

Non me deixarán chamarte pero estou segurísimo de que te deixarán vir ao Grupo Familiar, que é o domingo, de dúas a catro. Antes de enviarche isto mirarei se podes vir. Non me importaría ver unha cara amiga no círculo.

Eu non son do tipo de persoa que marcha firme e lentamente. Eu son do tipo que entra voando no barrio, que se

pon vinte metros por diante dos demais, e que vai batendo e caendo pola beirarrúa con pneumotórax. E moi pronto escoito os outros, aquí veñen, escóitoos marchando firme e lentamente no seu Camiño ao Destino Feliz.

Necesito alguén que me lembre que teño que ir polo meu carril e que me tome as cousas con calma; aí é onde aparece o meu colega Bob C, é o meu padriño en AA, pero o esencial do teu padriño é que tes que chamalo. Non me gusta chamalo. Sempre ten algo sensato e razoable que dicir.

Así que se aparece coa miña caixa e algunha cousiña que achegar á charla do Grupo Familiar, que alivio.

CASS

\*\*\*

Querido papá e querida avoa:

Estou aquí sentado neste cuarto, diante da mesa no Centro de Recuperación de Adiccións Starlight, escribindo cartas a todo o mundo a quen coñezo. Teño como unha ducia de anzois no corazón, estou a seguir as liñas cara a onde saen. Espero que alguén aí arriba saiba que son sincero nisto, claro que podería precisar un pouco de axuda, pero tamén podo anunciar aquí mesmo que non me axeonllarei, porque nunca fun así, e se o voso colega Xesús está por aí agardando por alguén coma min para facer algo así antes de baixar da cruz, diría que pode deixar de esperar. Á merda este sitio e todo o mundo nel, quero dicir que estou ata o carallo da rehabilitación. O problema é que a terapia de grupo fixo que as miñas teimas se intensifiquen. É basicamente un círculo de farfalláns cagados de medo que lle bican o cu a un tipo que se chama Jerry. Se chegas tarde a unha sesión déixante fóra; tarde a unha segunda sesión e de volta á rúa, quero dicir, que miremos cara atrás e reflexionemos sobre o feito de que eu nunca estiven no

Exército porque non podo aturar ese tipo de disciplina. Oh, non. Simplemente estou cabreado, e iso é todo. Cada noite neste cuarto nesta mesa teño que perder dúas horas pensando nestes anzois no meu corazón escribindo a historia da miña vida, que cando chegamos ás dúas semanas aquí cada un de nós sobe á cita e llela le, llela le a todos os demais, alí sentado nunha cadeira, lelles a historia sobre a caída do teu patético ego a un círculo de pantasma. Pode ser que me anime a facelo ou pode que non. Agora mesmo estou a encher o caderno con garabatos, esperando a que a miña escritura mellore soa. Porén, como acostumo dicir, eu son eu son eu son sincero. Eu son sincero. Aquí van as probas: esta é a miña terceira vez en rehabilitación, pero a primeira vez que pasa dos catro días.

Vale, avoa, foi divertido o que fixeches o domingo pasado no Grupo Familiar, pero ridículo. Volve outra vez, pero déixao estar, vale?

Estou farto de ser quen explique esta familia a cada un. Avoa, eu sei que aos teus ollos é como se cada un de nós fose unha cría dunha camada de xenios, e só necesitamos un pouco máis de comida e así medraremos. Mais o número total de veces, e isto súmase ao total, no que as portas do cárcere teñen pechado tras de nós é bastante impresionante, avoa; e esas son as estatísticas, falan por si soas. Sexa o que sexa que a xente desta clínica está a facer para axudarme, creo que deberíamos parar un momento e reformulalo. Arrepíame escoitarme dicir isto, pero nos últimos catro anos os meus vicios deixáronme atrás, drogado, sobre un terreo moi áspero, e agora si acepto leccións. Deixemos as nosas ideas á parte e, simplemente, escoitemos. Pensei que o domingo estabas escoitando a sesión en grupo do Día Familiar, pero non foi así, resultou que estabas agardando a lanzarte coma unha vella cacheira sobre o pobre Jerry, a quen sucede que detesto; pero el é o que está limpo e sobrio desde hai tres anos, mentres

que eu son o que estaba borracho non hai aínda unha semana. Non teño nada máis que dicir. Evito mirarme no espello, e non é bonito o que vexo.

Non necesito a axuda dunha avoa, necesito terapeutas preparados e diplomados para orientarme. E non podo ter a miña avoa no Grupo Familiar cargando contra todos e predicando sobre Xesucristo e Satanás, polo menos na última media hora das dúas horas do grupo, ese foi todo o tempo que acaparaches chufando sobre o Ceo e o Inferno, un millón de grazas. Sorte que Jerry ten sentido do humor. Grazas por representar a familia Cassandra da maneira máis sobresaínte. Aquí non estou rodeado de demos. Esta xente son terapeutas preparados e diplomados.

Estou farto de ser quen explique esta familia a cada un. É fodidamente ridículo, é así. Supoño que aquí podo xurar, xa que non recibirás esta carta porque non a enviarei. Lembras cando o Starlight era un motel? Eu lembro cando era un motel e as putas acostumaban sentar no banco da parada do autobús do outro lado da rúa, rapazas verdadeiramente miserentas coa pel tiñosa e con golpes na cabeza, despois de que as botasen de San Francisco. Tiveches que caer ben baixo para que te boten do mercado de Tenderloin. Quero dicir, que non cruzarías a rúa por elas, pero supoño que de cando en vez algún tipo desesperado desde algunha destas habitacións no Starlight faría a viaxe. Sabes que? Aquí tiveron un ou dous minutos nos que iría con elas. Pero as putas marcharon, os bancos da parada do autobús están baleiros. Non creo que o autobús pase por aquí nunca máis.

Quero dicir que esta non é unha familia da que tatuarías o seu escudo de armas no peito. Lembras cando meu irmán lle rompeu o nariz á súa noiva no salón e dixo: «Non teño nada máis que dicir». Lembras cando papá meteu as mans nos cereais mollados e sentou alí sobre vinte minutos mirando fixamente cara ao nada cun puñazo

pegañento de cereais na man? Lembras cando apareceu nos periódicos de Dallas a foto de John mentres o estaban a arrestar e el enviounola por correo coma se realmente fose algo do que escribir á casa? Sabes que é o que máis lembro desa foto? Os bordos estaban rotos porque tivo que arrincala da páxina cos seus dedos. O meu irmán máis vello é alguén a quen o estado de Texas non lle deixará posuír unhas tesoiras.

Por certo, se este programa de rehabilitación funciona e o consigo, se chego a un punto de equilibrio, matricularéime na universidade. Isto non é o que pensaba dicir, pero se o consigo poderei mirar a xente á cara, se o consigo poderei levar e seguir as conversas, buscarei un traballo de media xornada e matricularéime na universidade. Pero o da miña avoa, o do último día de Grupo Familiar.

\* \* \*

Querido papa Xoán Paulo:

Tes dous nomes, ou Paulo é o teu apelido; é dicir, es o Sr. Paulo?

E sei que isto non é só unha sorte estúpida, sei que eu ordenei as circunstancias.

Ao principio buscaba colocarme, gustábame rir por nada e que se me atrapallasen os pés e caer de cu. Despois foi unha tortura, era un botón que podía pulsar para destruír o mundo coñecido.

Quero dicir, é como que collo o vaso e o levo ata tocar contra o beizo inferior, e a seguinte cousa que sei é que estou no Bus Pantasma a Las Vegas. Hai un certo poder niso, sabes?, é como cando non che gusta unha película que estás vendo e simplemente agarras esa botella que pasa e cóllete e bótate nunha historia completamente diferente.

Que che dan de comer cando es o papa? Algún día haberás de probar o que nos dan por aquí. Para xantar

danche unha nube de azucre e un gran de café. Isto é un campo de despezo de xente que esnafrou a súa alma chamado Centro de Recuperación Starlight, en Ukiah, California, na avenida de Idaho. Ah, cona, que me pasa? Non lle enviarei ningunha carta ao papa.

Pero dígoche que creo que estiven tratando co Demo e que necesito axuda experta. De verdade que hai un Demo, de verdade que me fala, e penso que podería vir do Antabus que me provoca efectos secundarios, pero sexa como sexa necesito coñecer as regras. Polo momento creo que descubrín que non teño por que obedecer as súas ordes, abonda con ignoralo, ata certo punto; pero se sigo mandándoo ao carallo, irá pola miña xente?

MARK CASSANDRA  
CASS

\*\*\*

Querido Demo:

*Señor D.* Negocios, es unha puta burbulla xigante e aborrecería estar preto cando fagas POP porque entón caeríame enriba un montón de auténtica merda.

Quero dicir que estou aquí para cambiar ou morrer intentándoo, pero só podoo pensar en que se isto fose aínda o vello Starlight, o Motel dos Pesadelos, repañaría uns douscentos dólares e deitaríame borracho ata que cheirasen o meu cadáver e rebentasen a pechadura. Pero todo cambia, e o Starlight é totalmente novo e diferente, e será mellor que eu tamén me volva novo e diferente, e atope unha maneira de fartarme mellor có alcohol. Quero o que ese tipo, Wendell, dixoo no grupo: expuxoo a idea de verter no noso pensamento envelenado os pensamentos correctos—coma verter auga limpa nun vaso de auga sucia—, ata que estou cheo e rebordante, e seguir así ata que estou limpo.



A miña avoa explica así: «Cass, se segues bebendo os teus bebés sairán birollos, e acabarás enterrado nunha vila descoñecida co teu nome mal escrito na tumba».

\*\*\*

Querida irmá:

Aquí estou –si, outra vez–, a vella historia de sempre.

Pero desta vez, xúroo, síntoo diferente. Es a única persoa á que nunca enganei, así que ata aí chegarei con esta carta. Síntoo diferente, tanto que cho xuraría.

Se queres vir ao Grupo Familiar, podes. Só tiven un Grupo Familiar pero non veu ninguén máis que a querida avoa e iso acabou nun incidente. Sei que estás amarrada en Dallas, pero se vés á casa de vacacións, non me importaría ver unha cara amiga. E se fose miña irmá Marigold, ata sorriría. Marigold, irmá Marigold. A miña nobre e moza petunia. É cada domingo, dúas da tarde. Faralo mellor cá avoa, apostaríao. Ela non tivo nada que dicir, ata as tres e cuarto. O Grupo Familiar dura como dúas horas: as mulleres, os maridos, os fillos, calquera persoa próxima pode vir á terapia de grupo. A maioría tesos cun pau furado no cu e as caras tensas, ninguén sabe se está a punto de ser delatado, se alguén lle tirará da manta. Noutras palabras, sen correr riscos, como que xogan partidñas breves e retorcidas cos seus seres queridos. Jerry preguntando: «Que lle dirías á persoa que queres?»; e eles din: «Non sei, paso», así. Pero ese tipo, Calvin, que leva bastante en sitios coma este, el mira a súa muller cando é a súa quenda e sen máis sóltalle –mirouna–: «quérote». Estábaa mirando fixamente e estaba moqueando, chorando. Ela mirouno e intentou dicir: «Eu, Eu, Eu». Ela mirouno coma se el estivese intentando collela para saltar dun incendio nun rañaceos e así salvárense, pero ela era incapaz de dicir algo auténtico. «Non me importa esta

xente –dixo Calvin–. Impórtame todo un carallo, excepto que te quero...» «Eu tamén te quero –dixo ela–. Amor, eu tamén te quero!», e mentres todos mirabamos, tamén a avoa, esta parella estivo como cinco minutos abrazándose e chorando. Non sei canto ben fai facer algo así, pero dígoche unha cousa, de verdade que o Día Familiar se anima cando ves pasar cousas así, sinxelamente fai que sexa fascinante. Pero íache contar o da avoa. Así que Jerry estaba alí, chámanlle o conselleiro ou o moderador, Jerry, no inicio da sesión, comeza cunha prédica inofensiva sobre como a bebida non é culpa de ninguén, que debe estar nos nosos xenes, no sangue, que se herda. A avoa estaba alí sentada, coma na catequese, coas mans sobre o colo durante, eu diría, unha ou unha hora e media, nin chío, ata que noto que está cravando a súa mirada en Jerry, quero dicir, uns ollos que son coma lume, tío, e xusto no medio do que está a dicir outra persoa ela, sen máis, atacouno dicindo: «Jerry, se é así como te chamas, creo que subirías a unha árbore e contarías unha mentira antes que quedar no chan e contar a verdade como é». Jerry ponse, calma, calma, calma, e ela aspira outra bocalada deste aire fantástico de California que ela sempre di que é veneno e segue: «Queres dicir que vas botarme a culpa de todo isto a min, a súa avoa, e aos meus antepasados, tamén, cando eran boa xente das montañas de Nantahala que nunca deberon saír de Carolina do Norte, e o meu marido escribíalle os discursos ao alcalde de Odessa, Texas, e o noso sangue é tan bo coma o teu, e ti dis que está deixando en herdanza xeracións de alcohólicos coma se fosen os pecados dos antepasados?», e continuou a carga cun amargo sermón da súa colleita dicindo: «tes que manterte por ti mesmo e non botarlles a culpa aos teus parentes das túas lamentables equivocacións», coa cara a un palmo da de Jerry. Parecía que estaba listo para saír e aforcarse. Iso gustoume.

Non é necesario dicir que o tema de Xesús saíu nesta discusión, máis ou menos aos trece segundos de empezar. «Alcohólicos Anónimos é un brazo do Demo, xa o podes meter na cabeza e pechar a boca», e máis cousas así.

Como che digo, o Grupo Familiar é os domingos ás dúas da tarde. De dúas a catro da tarde. E obríganme a ir, e se non teño a ninguén da familia no Grupo Familiar, para que me serve? Así que, estás invitada. Iso se algunha vez te deixan saír de Dallas.

Cambio e corto. Cambio e corto. Aquí dannos Antabus, e iso dá sono. Cambio e corto.

\*\*\*

Querido irmán:

Achegueime demasiado ao bordo do precipicio e caín.

Estou acabado acabado acabado, tío. Si, vai sacando a túa pa.

Sabes que o próximo outubro será o meu trinta e tres aniversario, pero nos dous últimos anos tiven, polo menos, tres desas experiencias nas que espertas e non lembrs nada e un profesional da medicina está pegando os teus anacos e dicíndoche: «Fillo, tes sorte de estar respirando».

Pero, pensaches algunha vez que posiblemente o Demo existe, e que realmente crava as súas gadoupas en determinadas persoas, e que realmente esas persoas son arrastradas pola porcallada dunha vida maligna no seu camiño ata o inferno?

Así está a cousa, Luke. O ano pasado conteiche como fun a Texas. Houston, Dallas, Odessa, todo iso. Pero non che contei que despois, despois da última vez que te vin, cando te comportaches coma unha bomba atómica chea de merda na inofensiva casa do noso querido pai e da nosa querida avoa, desde aquela noite cando lle rompiches o nariz á túa noiva diante de toda a familia no salón da casa

e con toda a calma dixeches, «Non teño nada máis que dicir», fun á querida prisión na querida Gatesville a ver a nosa querida Mamá.

Si, fun ver a nosa nai.

Engruñouse ata quedar en nada mentres a miraba.

Dixo:

Botaba unha sesta e nun momento espertaba,

Porque escoitaba xemer un can e espertaba,

E o can estaba dentro de min, un cadelo

Estaba chorando desesperado dentro de min.

Dixo,

Teu pai elevouse un pouco por riba das miñas orixes

Pero eu afundinvos de novo ata o meu nivel.

Mamá Fujiyama, esa era a súa canción. Lembras?

Son unha mamá Fujiyama e estou a punto de estalar

e cando entre en erupción

non sei cando vou parar

É unha canción de verdade ou inventouna ela?

Perdoa, teño que queimar esta páxina e escribirlle unha

carta a Deus mentres arde. A cuestión é: Deus, onde estás?

Que carallo pensas que estás facendo, tío? Aquí abaixo

estamos no INFERNO, aquí abaixo no INFERNO, INFERNO.

Sabes? Onde está Superman?

Cando a avoa se presentou aquí para a súa visita de

loucos, levoume a un lado e díxome: «Estás rodeado de

demos. Deus tente agarrado polas tripas e estate a arrastrar

fóra do Inferno». Vaia, este é o camiño de saída do

inferno máis longo do que oín falar nunca, e se estou fóra

do Inferno, de quen é a carne que se está frixindo? Deus

estomballouse no sofá e abriu unha botella de Bud e está

botando unha sesta mentres eu estou aquí sentado na gre-

lla, asándome e fedendo.

Querida Melanie:

Sabes? Alégrome de coñecerte e de escoitarche contar no grupo a historia da morte da túa filla e do teu moedeiro. Poríame peor se fose a historia dunha persoa a quen tivese no meu pensamento. Quero dicir, alguén a quen houbese de imaxinar. Pero todo é máis fácil desde que te coñezo. E de escoitar a historia de primeira man. Porque es doce e sincera, es alegre, riseira, nova, para ter sesenta e un anos; e non importa o forte que foses golpeada pola vida, vin unha luz en ti e es fermosa.

Estes últimos catro anos abríronme varios furados xigantes que me atravesan. Pensei que estaba acabado antes. Eran danos menores comparados con isto.

O teu compañeiro de presidio

MARK CASSANDRA (CASS)

\*\*\*

Querido Demo:

Non o pasei ben na túa festa da noite pasada.

\*\*\*

Querido Doutor:

Vou lear un cigarro e gustaríame acendelo e poder fumalo enteiro dentro da cordura.

Unha vez vin o Demo.

\*\*\*

Querido Doutor:

Continuando co tema, esa muller do grupo, Melanie, é o suficientemente maior para ser unha vella pero non o é, é doce, tenra, de alma transparente, ou iso parece. Comeza

falando con suavidade –despois pasa a ser algo común, calquera que comeza a contar unha historia así rompe inmediatamente, superado pola traxedia–; ela, Melanie, perdeu nun incendio o pasado ano a súa filla e dous netos. «A miña filla era unha boa cristiá. Dous nenos preciosos, ela criounos ben, criounos cristiamente». Perdeunos nun incendio nun apartamento. En fin. Esta é para ti, doutor.

Mentres ela, Melanie, durmía na sala de espera da Universidade de Queimados e a súa filla estaba morrendo, alguén meteu a man e rouboulle o moedeiro. Colleu os cartos e tirou o moedeiro no caldeiro do lixo. Atopouno alí despois, despois de que lle dixesen que a súa filla e os seus netos morreran.

A pasada noite, no grupo, un tipo coma min dixo: «Espertei en Las Vegas suado, sen un duro e confuso». Unha descrición perfecta dese sitio. Eu nunca FUN alí, sempre ESPERTEI alí. Ese tipo era gracioso. Lembroume a Gary Cooper, un auténtico vaqueiro caído en desgraza nas cidades fedorentas que comeron a pradería. Canto tempo estivo aquí, dous días? Escoitei que foi ao Motel Redwood, a dous quinteiros ao leste de aquí, na esquina coa rúa Fourth, e estaba vivindo cunha criatura mexicana, non cunha rapaza, senón cun rapaz; supoño que iso é o que o mortifica, dúas vidas ao mesmo tempo, é un vaqueiro de átame e móntame, é un feliz sodomizador, e iso está a acabar con el. O que temos que facer é chegar a unha soa vida, á persoa que somos de verdade, e vivila ao máximo.

Estou a deprimirme. Deprimirme. Creo que o Antabus non me vai ben. Dixéchesme que estaríamos esgotados ou adormecidos os primeiros dous ou tres días do tratamento, pero esqueciches dicir que nos preparásemos para caer por unha trampa no fondo da nosa alma. Tamén escoitei a xente falar ao outro lado da miña ventá, que non está cando vou mirar. Cando estou cos compañeiros, quero dicir, cos compañeiros reais, compañeiros que de verdade

están aquí, síntome ben. Eles falan, eu falo, todo parece normal. Meterme nesta habitación e pechar a porta tras de min e xa estou só con alguén que non está aquí.

\*\*\*

Queridos amigos e veciños no Universo:

Queridas *Rolling Stone* e *TV Guide*:

Creo que teño que dicirvos que quedei sen Kool. Unha alma caritativa doou unha lata enteira de Bugler que podemos lear, pero dígovos unha cousa, o fume do Bugler queima coma o lume desde os beizos ata chegar ao fondo dos pulmóns. Así que, se me traedes un par de caixas da miña marca. Sabedes ao que me refiro? Kool.

Teño escrito miles e miles destas cartas e a razón de que non quedo sen tinta... é que creo que moitas delas non as estou a escribir de verdade. Ou ningunha. Creo que simplemente estou deambulando camiñando marchando por esta habitación coma se fose un pequeno psiquiátrico con alucinacións.

Eh! Sobre o Antabus ese. Creo que son Cristo. Escoito o Demo. E di: «Volve á habitación». O máis estúpido que escoitei nunca.

É tan de Eddie.

É tan de Eddie, tío.

Son unha xente tan ridícula e tan Eddie que se achegas esta carta á orela podes escoitar como me río deles coma un coiote.

Son unha panda de Eddies e moi ridículos caras planas e mentes planas.

Estes últimos catro anos. Ás veces pregúntome se non morrín. E de verdade estou morto, e isto é o Purgatorio, Ceo ou Inferno. Eu decido cal dos tres é para min.

Ti non me dis o que teño que facer. Non te escoito. Será mellor que cales. Non son un escravo.

Onde eu estaba... estaba na Estrada do Inferno. Terra negra fervendo e fume de diésel ardendo. Nada arde máis có diésel. Xente na beiravía arrolada machucada asasinada e morta. O Demo rindo tan preto que lle vin as veas dos dentes. Non me collerás. O meu billete pon destino a Texas. Moveu a pedra a un lado e na cova os misterios aletexaron coma morcegos e insectos, velaquí as respostas a todo, dixo do Demo, como os OVNI e a vida máis aló da tumba. Ou como, que estaba pensando Elvis, que estaba pensando e sentindo Elvis naqueles últimos días escuros? Ou como, quen planeou o de JFK? E a cova era a súa boca, coma un baño fedorento e a súa lingua estralaba de suor barata. Si tío, arrastroume alá abaixo a súa festa. Arrastroume polo retrete antes coñecido como a miña vida. Por este niño de arañas faladoras coñecido como a miña cabeza. Polo fondo da miña tumba co meu nome mal escrito na lápida. Eu plantado no seu toco, ríndose de min a gritos. Dime: respira este cheiriño de xofre e medo húmido! Ven, aspira estes aromas rancios con finalidades, por suposto, de estudo científico! O alcalde xa está dentro! Vide! Todo aquí é respectable! O Demo di: os xogadores axitan o dado, e eu axito os xogadores, dobre un no Paraíso! O Demo berra: eu dirixo esta festa, e Hollywood e Las Vegas, e comezo as guerras, son o vampiro que aspira o alento dun bebé, o que move os fíos que fan bailar os panocos, os que aspiran pegamento, puteiros, os que inhalan pintura, moteiros, camioneiros, vaqueiros, profesores, predicadores, un millón de modernos colgados da maría, alcohólicos que tremen cos nervios desfeitos, ei, Deus, onde estás, non estás en ningures, buscamos un pequeno sinal do teu poder... Todo agora, xusto agora, mentres escribo isto.

Non son teu,

CASS



Doutor isto e aquilo:

Esquecín o seu nome. Escoite. Non consigo facerllo entender a ninguén nesta merda de patético centro de rehabilitación, pero teño que dicirle que creo que este Antabus que nos dá estame a producir efectos secundarios serios. Déitome naquela cama e o meu estado de ánimo escurécese e despois podo sentir a miña mente, a miña mente real, dividíndose en dous. Escoito rir o Demo, e escoítooo ordenándome que mate xente. Non se preocupe, leva perseguíndome toda a miña vida pero non pode darme ordes do que teño que facer, non hai maneira de que eu responda a unha orde directa de ninguén, é por iso que nunca entrei no Exército. Pero se le os xornais, verá que todos os días alguén se levanta dun chimpó e lle corta a cabeza ao bebé, e teño que dicirle que algo diso hai na miña propia familia. Miña nai, cando eu tiña catro anos, volveuse unha psicótica e leva vinte e oito anos en Gatesville, Texas, e a prisión non a reformou de ningunha maneira. Hoxe debería estar fóra, pero non se comportará e continúa engadíndolle anos.

A semana pasada, aquí, no Número 8, tiven un compañeiro alcohólico trotamundos cos zapatos gastados e unha tatuaxe que dicía Come Fode Mata. Esa era a súa presentación. Nunca dixó ola, nunca dixó adeus. Nunca sacou os zapatos. Dous días aquí e listo para saír. Era todo odio. Teño que conseguir estar sobrio ou se non collerei ese camiño polo que cada bocalada de alento fede, e só necesito un minuto nunha cidade nova antes de que esteas o suficientemente furioso para abandonala. Cando o Demo pon o seu último anzol no teu corazón, logo comeza a turrar de ti de cidade en cidade. Miña avoa di a verdade cando fala do Demo. Ben, vale, cando ela di «o Demo está turrando de ti», soa a farfalla de avoa, pero cando está a pasarche a ti, as súas serpes reptan dentro de cada furado e non podes moverte para evitar que entren neles.

O meu padriño, Bob Cornfield, deixouse ver por fin cunha caixa coas miñas cousas, non moitas, unha caixiña e aínda así as cousas axitábanse dentro. Fuma o seu cigarro de pé, cuarto 8, mirando coma se el inventase este lugar. Estes tipos de AA finxen arredor do oitenta por cento do tempo, pero atañámonos á realidade, están limpos e sobrios e eu son quen non máis de dúas semanas atrás se ergueu coa cabeza metida no váter. Creo que verme aquí faino sentir triste, pero non se compadecerá. Non está permitido.

Díxenlle que me sentía coma se fose Xesucristo e que o Demo estame a enviar mensaxes e el dixo: «Non podes ser a Segunda Chegada, porque o son eu». Creo que era unha broma, pero perdín o meu don para o humor. Deume medo.

Afrontemos a música e os feitos. Alguén está a volveuse tolo.

O seu paciente no Starlight,

MARK CASSANDRA (chámame Cass a secas)

\*\*\*

Ao doutor ao cargo das queixas por Antabus:

Mentres, odio toda esa xente do grupo. Quizais, oh, claro, algúns deles non están tan mal, non sei en cales pensar. VALE, cáenme ben este e aquel. Nalgúns dos meus primeiros días no grupo ela parecía un robot. Carolina, así se chamaba. Cambiaba as súas blusas e os seus pantalóns, pero nunca cambiaba a súa interpretación. Era o grupo de Linda, o grupo da tarde, e cada vez que Linda lle dicía como te sentes, Carolina, cal é a túa historia, Carolina, e sempre soltaba o mesmo discurso, pódelo converter nunha canción, o mesmo unha vez e outra vez os cinco primeiros días; non estaba mal, sobre corenta

ou corenta e cinco, un pouco gordecha pero dun modo sexy, maquíllase perfectamente, coma unha boneca, cada mañá, como se isto fose a Clínica Riviera, tío. E viste eses pantalóns curtos máis ben grandes de persoa de mediana idade, e eses zapatos de charón branco de nena pequena. Cantando: «O meu marido deixoume hai quince anos por unha muller que traballaba na súa empresa, deixoume tirada, e cada mañá dos últimos quince anos érgome e penso neses dous e revólvenseme as tripas. Se vos digo a verdade, moitas mañás trouso por esa razón». A muller ao mando, Linda, dille: «Queres dicir que sentes enfado». «Non, non estou enfadada, só cun pouco de noxo polo seu comportamento». Cada día Linda dille: «Queres dicir que sentes enfado». «Pero eu non estou enfadada. Linda, e non creo que me escoites, porque non deixas de facerme esa pregunta». Finalmente dille: «Linda, NON ESTOU ENFADADA LINDA TI FODIDA FILLA DE PUTA ASQUEROSA», e así, e sae da sala polo corredor e cruza o patio tronando coma un F-16. Marchou. E todos quedamos alí naquela sala impactados xordos e mudos, tan impactados coma se ela acabase de explotar en anacos diante dos nosos ollos. Ben, eu supuxen, todos supuxemos o que eu supuxen: que non volvería, que continuaría camiñando ata atravesar as portas e parar un taxi ou facer autostop, algo así, e marcharía marcharía marcharía. Coma o meu compañeiro de habitación Come Fode Mata. Pero á mañá seguinte alí está Carolina, sentada na súa cadeira de sempre, e teño que dicir cos ollos máis brillantes, como se alguén lle puxese dúas ventosas nas cuncas e lle succionase toda a escuridade e a tristeza. «Agora, dicindo a verdade –dixo–. Ola a todos, antes de casar fun puta en Denver, en Madam Lafayette's, durante case seis anos, ata que a tecnoloxía e a mafia acabaron co negocio con tarxetas de crédito e salas de masaxe, e despois casei, e agora estou divorciada, e non sei que máis dicir. Non quería enfrontarme a como

me sentía por culpa do meu marido e desa puta súa. Agora síntome moito mellor sabendo que os odio por fuxir e deixarme coa conta do alugueiro, do teléfono e toda esta vida de clase media. Creo que viven en México. Espero que collan unhas cantas enfermidades que os convertan nuns miserables». Gran sorriso. Divertíndose. Pasara a vintena naquel lugar desfasado en Denver, cun piano e unha madame, paseando e coqueteando cos clientes.

En fin, as cousas son así. A terapia de grupo non é un gran misterio. Nós os borrachos non somos máis ca unha lea de mentiras como o interior dunha pelota de golf. Comezas cortando un fío pequeno dentro desa lea, por exemplo: «como te sentes de verdade polos cornos que che puxo o teu marido», e toda a bóla comeza a deslearse e a correr por toda a sala.

Agora mire mire mire. Sei que estamos aquí para sermos sinceros. E sinto que o veño sendo desde os últimos meses, antes incluso de aterrar aquí outra vez, pero aínda non vexo o Sr. AA Exitoso no espello. Vexo algo axexante no meu ombreiro. Vostede sabe o que é. O Demo estívome a falar. Dicíndome que matase toda a xente de aquí. Rindo. Escoito claramente o que me di pero síntome con xuízo, con xuízo. Como se eu soubese que non debería escoitar esas cousas, por iso pregunto, cal é a causa? Estoume queimando co Antabus? Por que creo que é posible que sexa Xesucristo e que debo estar aquí e sufrir, sufrir de verdade, e por que creo que todo o mundo me mira porque sabe iso sobre min? Por que a radio parece saber o que estou pensando e emite os meus pensamentos cando paso por diante da ventá da oficina de Jerry e el está escoitando as noticias? Eu digo: «Non vou matar a ninguén, Demo», e a radio di: «Foi desobedecida a orde do Presidente». Se son Xesucristo e vou ao Inferno, entón, quero que mo diga vostede. É a vostede a quen estou preguntando, Dr. Caléoteunome. E se non son Xesucristo,

pois quero que me quite estas pastillas porque obviamente van na dirección equivocada.

Gustaríame poder acabar un cigarro sen pensar loucuras. Non lembro as miñas metas anteriores, pero a miña meta actual é acabar este cigarro, tío, sen empezar unha nova Festa do Demo.

Aínda son eu, aínda estou aquí, aínda son o seu paciente; así que, cal é o problema?

MARK CASSANDRA, cuarto 8

\*\*\*

Querido Dr. Cusa:

Grazas por sacarme o Antabus. A cada hora síntome máis enteiro. Non sei por que non tiveren os collóns de deixar de tomalas sen que mo dixese vostede. É como que sei que non sei o que é mellor para min. Os últimos catro anos. Vaia! Grazas por quitarme desa cousa. O mundo foi salvado.

\*\*\*

Querido Demo:

Cres que non te recoñecín aquela vez?

Foi fóra da Harold's Tabern, no centro, hai tres ou catro minutos. Saín á rúa despois da Hora Feliz, xusto no momento en que se poñía o sol.

Alí está. O tipo apoiado contra o muro nunha calella co xeonllo dobrado, a planta do pé contra a parede como acostumabamos a facer de nenos, que criamos que eramos moi duros.

Que queres?, dixeran.

Todo o teu é meu xa, dixo. Así que, que importa o que eu queira?

Dixen, es un mensaxeiro de Deus?

Peor, dixo.

Que pode ser peor ca un mensaxeiro de Deus?, dixen.

\*\*\*

Querido Demo:

Si, quitáronme o Antabus. O Antabus era o teu último recurso. Así que, non funcionou. Todo o mundo pensa que es ese tipo incrivelmente xenial vestido cun traxe a raias nun Cadillac cabriolé, co móbil na boca, lambéndote o lume dos dedos, planeando a caída. Movendo os fíos. Pero non tes fíos. Ningunha das liñas do meu corazón sae das túas mans malignas.

Estas liñas saen do meu corazón cara aos corazóns da xente que quero. Así que sae do meu Cadillac, tío. Ningún dos dous o conducirá. Quen o vai conducindo é, e síntome coma unha nena dicindo isto, un Poder Máis Grande ca Min.

MARK CASSANDRA, un Cristián, máis ou menos.

\*\*\*

Querido irmán John:

John, vou ir verte. Estás xa nunha prisión normal? Ou téñente babexando nun pavillón psiquiátrico por aí?

\*\*\*

Querido John, o máis Estraño de Todos nós os Cassandra:

Eh, por certo, dígoo en serio: es o máis estraño de todos os Cassandra, máis estraño ca papá, máis estraño ca nosa mamá encarcerada. Máis estraño ca min, e non importa

cantas veces me disparasen. Máis estraño có noso irmán, só por un chisco.

Estou a escribirlle cartas a todo o mundo que se me ocorre. Ti e o noso irmán levades xa un pouco de tinta. Espero que a policía non o colla nunca, e agora que te colleron a ti, espero que te traten con coidado e te deixen libre nun futuro próximo. Estouvos a escribir cartas a cada un de vós, afortunados gañadores, que tedes un anzol no meu corazón. Cada vez que o voso corazón bate podo sentir un pequeno tirón, algo pequeno. Gústevos ou non, iso é amor. Amor pola idiota da avoa. Amor polo pai medicado. Amor polo irmán fuxitivo e polo irmán e pola nai no cárcere de Gatesville. Que as visións do teu corazón sexan bendicidas. Iso escoiteillo unha vez a un predicador na televisión. Que nos collan as bendicións do sol e da chuva.

Amor pola irmá que debería divorciarse de todos nós. Amor pola irmá Marigold que debería divorciarse de nós dunha vez por todas.

John, creo que ti e Marigold sodes de todos nós os dous que nunca se mesturaron seriamente coas drogas. Ela converteuse en ouro. Ti, polo outro lado, ben, non precisas de drogas. Uns poucos días malos no Planeta T poden torcerte ben. E mamá. Uf. Aspirou merda suficiente como para explicar a torcedura de toda a familia e moito máis. Eu era pequeno, pero acórdome. Adoitaba sentar no seu sofá reclinable azul, aspirando pegamento ou chupando Sterno dunha esponxa ou inhalando pintura en spray a través dun calcetín. E non conseguía entender a televisión. E rezáballes ás súas alucinacións. E conseguía unha resposta. Para min non era unha nai, de verdade, John. Máis ben un conto de fadas. Unha especie de lenda. Mamá na Prisión en Texas. Un mito. Mamá. Prisión. Texas. Ao final fun vela. Levei o meu certificado de nacemento e todo o demais, non puideron deixarme fóra. O garda levoume a

unha habitación e díxome: «Agarda un intre, fillo»; volve aos vinte minutos e dime: «Túa nai está dentro», e si, iso foi o que me levou alí aquel día, ver cara a cara a famosa persoa esquecida... Non pasou nada. Non sentín nada. Non tiveron alivio. É unha rapaza mexicana cun uniforme branco que parece que limpa habitacións. Pelo gris con dúas mechas negras. Medicada para manter a súa mente lonxe do suicidio. Iso funciona bastante ben. Estaba profundamente feliz. Poderíase botar enriba un tren de mercado-rías e non reaccionaría. Relaxoume estar con ela. Coma descansar á sombra xunta un estanque ancho e tranquilo. Pensaba que papá estaba morto. Que? Non, papá non está morto! Non o está? Non, mamá, non morreu, está no piso de arriba. Xeralmente, chorando e vendo a televisión. Ela dixo: Si, nunca andaba moito pola casa. O que non estaría nada mal, supoño, excepto porque nunca foi a ningures. Só vagando pola casa compoñendo poemas que nunca escribía. Como é California...? Misteriosa, mamá. Toda cuberta cunha néboa brillante. E unha luz do sol nubrada... Deus, iso soa ben, pero, oh, ben, nunca chegarei a velo. Escoita, díxome: cal é o problema con vós, rapaces...? Cal é o PROBLEMA? Quizais te deas conta, mai, de que son unha merda andante que fala. Inclínouse máis preto e miroume á cara. Podías ver a súa mente moverse a través dos seus ollos. Despois tivo este relustro de luz clara. Dixo: non é suficiente con pedir perdón, doume conta. Díxenlle: muller, para iso vin aquí.

O noso irmán vagou ata Ukiah nalgún momento do verán pasado. O irmán Luke en persoa co cu véndoselle polos petos de atrás dos vaqueiros e cagándose en todos. Non o recoñecería na rúa. Necesitaría unha lanterna e un mapa para atopar os ollos de Luke naquela cara pobre enferma miserable e triste. Volveu para meter en problemas a súa antiga noiva, chegáchela a coñecer? Susie? O noso irmán di: «estou furgando na súa merda a ver



se atopo o meu corazón roto». Vive no bulleiro e quere arrastrar a todo o mundo alí abaixo para que o proben. Quere que o mundo se dea conta de que para moitos esta vida é dura, todo é costa arriba, que se cansan, que se esgotan, só queren que os policías os leven lonxe a aquela doce terra chamada prisión e que os metan dentro dos catres. O que me gustaría é que puidese vir a un sitio coma este e escoitase un par de persoas dicir a verdade. É inspirador, irmán John. É fantástico como homes e mulleres xorden de debaixo de mentiras de toda unha vida. Quítanas de enriba dicindo uf, Deus, moito tempo cargando esa merda. E as cousas que contan. As merdas que teñen feito. O sangue polo que teñen nadado. As decisións estúpidas, as oportunidades de ouro, as vitorias e as derrotas, todas as casas queimadas, todos os nenos chorando nas tormentas, o golpe de sorte no último minuto, ou volverlles as costas aos corazóns que romperon unha e outra vez, ou que os prendan no día do seu aniversario, ou pensar que están mortos ao levantarse co sol quentándolles a cara, e cruzar o país baixo a chuvia facendo autostop para chegar a tempo e dicirlle unha cousa importante a seu pai antes de que colla o seu último alento, ou chegar demasiado tarde e dicirlle na súa tumba. Aquel testemuño de Howard deixounos xeados, escoitámolo inmóbiles durante corenta e cinco minutos. Empezou normal: saíu do instituto, inténtao en infantería, descobre que o servizo era algo aburrido sen unha guerra. Bebe nos días de permiso e na fin de semana. Licénciase e vai ao Santa Rosa Community College. Quería un grao en empresariais. Bebe nas fins de semana. Ansioso e insatisfeito. Unha noite, un amigo que é policía en Santa Rosa dille: ven dar unha volta con nós e próbalo. E Howard dinos: dúas horas de viaxe e sentíame como nunca antes me sentira. Eles dan ordes e hai que obedecelos e nunca imaxinara como quería facelo eu tamén. Entro no programa de adestramento

de policías de Santa Rosa, e son policía, teño tres noivas, unha negra, unha asiática e unha branca, e paso as noites indo por aí nun coche patrulla, dando malleiras, pateando cabezas, coma Deus, tío. Un ano no allo e xa teño unha muller encantadora e unha bebé de seis semanas. Dous anos máis e colócanme en narcóticos e na brigada anti-drogas, de paisano. O meu traballo é pasar o tempo en bares e salas como o Nerón. Podo facelo? Carallo, que pensan eles que estiven facendo cada minuto libre? E mercaría drogas? Cona, claro, daríalles unha oportunidade. Entón dixéronme: Howard, escoita, ás veces no transcurso das nosas obrigas terás unha raia de coca preparada e no transcurso das túas obrigas terás que baixar a cabeza e aspirala. É parte do oficio, vale, Howard? Claro, digo eu, parte do oficio, e en seis meses son o policía máis drogado, o maior traficante, e o policía máis corrupto no norte de California. Cometín atracos armados contra traficantes e farmacias ao longo de toda a Estrada 101. Tiven sete noivas e era o chulo de todas elas. A miña encantadora muller divorciouse e levou a miña filla sen eu dar-me conta. O Corpo dárame mil dólares ao mes para comprar coca en bolsiñas e entregárllelas, e debaixo da cama tiña trinta mil dólares dentro dunha caixa de zapatos a carón de tres ou catro quilos de coca da que o Corpo nunca sabería nada. Levantábame pola tarde e marchaba lonxe e armaba a de Cristo. Matei tres tipos, e aseguro que o mundo é mellor sen eles, pero eu non son o xuíz, sono? Pero estou seguro de que pensei que o era. Quiteilles a vida a outros seres humanos. Crin que era Deus. Mirábame ao espello e dicíao, mirábame ao espello e dicía: ti es Deus. Cando Deus decidiu mostrarme que estaba equivocado, todo se veu abaixo coma unha montaña de merda de can sobre a miña cabeza. Armaron unha historia e calcáronme tantos cargos, incluso un de asasinato en segundo grao, que se os acumulasen todos estaría preso ata cen anos despois da

miña morte. Estaba deitado na prisión e a cela chupaba de min as drogas e a loita e a alma e dállas a Deus e Deus esprémeas cos seus dedos, tío, cada fibra da miña alma no todopoderoso control da verdade. E a verdade é que todo o que fixen, cada idea que pensei, cada momento que vivín, é merda convertida en po e po arrasado polo vento. Deus, dixen: a tomar polo cu, nin sequera vou rezar. Apértame as tripas ata que canses, é todo o que quero agora, porque polo menos é real, é verdade, ten algo que ver contigo. Así que despois pensei que morrera. Pensei que morrera no cárcere. A miña propia vida abandonoume, e a quen vedes agora diante vosa é outra persoa. Así que vaguei polos xulgados coma unha pantasma e saín cunha condena a dez anos. Cumprín sete, día a día. Rezaba cada día e cada noite, pero só unha única oración: apértame ata que te canses, Señor. Mátame, Señor, non me importa, en tanto que sexas ti quen me mata. Saín da prisión de Pelican Bay hai oito días, e a rehabilitación é parte da miña condicional. E non conseguín nada en trinta e seis anos neste mundo. Excepto que Deus está máis preto de min ca o meu próximo alento. E iso é todo o que sempre necesitarei ou quereirei. Se pensades que o estou a inventar, que vos fodan. A miña historia é a verdade revelada.

E eu tamén, eu tamén, irmán John. A miña vida é a verdade revelada. Como di papá: «puxen un pé no Camiño do Arrepentimento e comecei a miña viaxe».

Só para resumir os meus últimos catro anos: sen un can, perdido, desintoxicándome, sen fogar en Texas, disparáronme nas costelas cunha trinta e oito, vivindo da caridade de papá en Ukiah, desintoxicándome outra vez, atropelado (creo, estou case seguro, non o recordo), disparáronme outra vez e desintoxicándome agora mesmo outra vez. Pode que fosen un ou dous ingresos máis para desintoxicarme e vacacións humillantes na casa de papá. Disparoume dúas veces o mesmo tipo, na primeira raspoume

cando estaba a roubarlle o diñeiro e a coca, na segunda perseguiume e deume no ombreiro cun derringer do vinte e dous. Eses rifles longos do vinte e dous MANCAN. Compadezo os tipos que teñan experiencia con maiores calibres. Garántoche que un corenta e catro lle arrincaría o brazo a un tipo fraco coma min. Máis dunha vez esper-tei cun profesional médico dicíndome: «terías que estar morto».


Iso será o que dirá a miña lápida.

«Tería que estar morto»

O teu Irmán en Cristo,

CASS.





# A ILLA D'ANTONIA

María Blanca Miranda Rodas

Primeiro accésit

**Datos da obra:**

**Autor:** Guillaume Musso

**Título:** *Central Park*

**Lingua de publicación:** Francés

**Lugar e ano de publicación:** 2014

**Editorial:** XO Editions

(Tradución dende a páxina 11 á 34)

1  
ALICE

*Coido que nun home hai outro home.  
Un descoñecido, un Conspirador, un Astuto.*

STEPHEN KING

Por unha banda, o intenso e penetrante sopro do vento que percorre unha cara. O lixeiro murmurio das follas, o afastado borboriño dun regato. O discreto pío dos paxaros. Os primeiros raios de sol que se adiviñan ó través do veo dunhas pálpebras aínda pechadas.

Por outra, o renxer das ramas, o olor da terra mollada. O das follas descompostas. O toque do aroma a madeira do lique gris.

Máis aló, un zunido indeterminable, onírico, discordante.

Alice Schäfer abriu os ollos con dificultade. A luz da alba cegábaa e o orballo apegáñaba a súa roupa. Empapada dun suor xeadado, tremía. Tiña a gorxa seca e un forte sabor de cinza na boca. As súas articulacións estaban magoadas, os seus membros entumecidos e o seu cerebro adormecido.

Cando se incorporou, deuse conta de que estaba deitada sobre un banco rústico de madeira. Estupefacta, descubriu, de socate, que un corpo de home, macizo e robusto, estaba encollido contra o seu costado e pesaba moito sobre ela.

Alice acalou un grito e, bruscamente, o seu ritmo cardíaco acelerouse. Buscando liberarse, basculou cara ó chan e levantouse ó mesmo tempo. Entón, foi cando caeu na conta de que tiña a man dereita esposada ó pulso



esquerdo do descoñecido. Tivo un movemento de recuamento, pero o home quedou inmóbil.

«Merda!»

O seu corazón latexou no peito. Ó mirar para o reloxo, a esfera do seu vello Patek estaba raiada, pero o mecanismo funcionaba e o calendario indicaba martes 8 de outubro, 8 horas.

«Por Deus! Onde estou?» preguntouse limpando a suor da cara coa manga.

Mirou arredor para avaliar a situación: atopábase no medio dun bosque dourado polo outono, un sotobosque fresco e denso coa vexetación variada, un clareiro salvaxe e silencioso, rodeado de carballos, de espesos arbustos e de saíntes rochosos. Ninguén arredor, e era mellor así.

Alice levantou a mirada. A luz era fermosa, suave e case irreal. Algunhas partículas brillaban ó través da follaxe dun olmo inmenso e resplandecente, coas raíces que furaban o manto de follas húmidas.

«Bosque de Rambouillet? Fontainbleau? Bosque de Vincennes?» aventurouse mentalmente.

Era como un cadro impresionista de postal, cunha serenidade que contrastaba coa violencia dese surrealista espertar ó lado dun descoñecido.

Con prudencia, agachouse para mirarlle mellor a cara. Era a dun home, de entre trinta e cinco e corenta anos, co pelo castaño e desordenado e coa barba nacente.

«Un cadáver?»

Anicouse e púxolle tres dedos no pescozo, á dereita da noz. Ó sentir o pulso tranquilizouse. O tipo estaba inconsciente, pero non estaba morto. Colleu o seu tempo para observalo un momento. Coñecía? Un delincuente que puxo no alxube? Un amigo da infancia que non recoñecía? Non, eses trazos non lle soaban de nada.

Alice empurrou algunhas das guedellas rubias que lle caían diante dos ollos, e examinou as esposas metálicas

que a leaban ó individuo. Eran un modelo estándar, con dobre seguridade, usado por moitos servizos da policía ou da seguridade privada do mundo enteiro. Era moi probable que fosen as súas e Alice buscou no peto do seu vaqueiro, pensando atopar a chave.

Non estaba. Non obstante, sentiu unha arma, metida no peto interior da súa cazadora de coiro. Pensando atopar a súa, cerrou os dedos na culata con acougo. Porén, non era a Sig Sauer usada pola pasma da brigada criminal. Trátase dunha Glock 22 en polímero, e descoñecía de onde viña. Quixo verificar o cargador, pero era difícil cunha man trabada. Con todo, atinxiuno con algunhas contorsións, tendo o coidado de non espertar o descoñecido. Polo visto, faltáballe unha bala. Ó manipular a pistola, deuse conta de que a culata estaba manchada de sangue seco. Abriu completamente a súa cazadora e constatou que había manchas de hemoglobina coagulada nas dúas partes da camisa.

«Merda! Que carallo faría eu, ho?»

Alice fixo unha masaxe nas pálpebras coa súa man libre. Agora tiña unha xaqueca lancinante que lle irradiaba as tempas, como un cerco invisible que lle comprimía o cranio. Respiraba profundamente para que o medo fose retrocedendo e tentou recordar.

Onte á noite saíra de festa con tres amigas nos Campos Elisios. Bebeu moito, tomando copas en tódolos bares de cócteles, o Moonlight, o Treizième Étage, o Londonderry... As catro amigas separáranse ás doce da noite e ela foi soa ata o seu coche, que estaba no aparcadoiro subterráneo da avenida Franklin-Roosevelt, e...

Non lembra máis nada. Un veo de algodón cubríalle a mente e o cerebro daba voltas de baleiro. A súa memoria estaba paralizada, xeada, bloqueada nesa última imaxe.

«Merda, veña, fai un esforzo! Que pasou logo?»

Víase, moi claramente, pagar nos caixeiros automáticos e baixar as escaleiras para o terceiro soto. Ía ben alumeada,

érase ben certo. Foi cambaleando ata o seu pequeno Audi, abriu a porta, instalouse no asento e...

«Máis nada».

Tentaba concentrarse, pero unha parede de ladrillo branco impedíalle acceder ás súas lembranzas.

O Muro de Adriano erguido diante das súas reflexións, a muralla da China enteira fronte ós seus intentos inútiles.

Tragou saliva. O pánico subiulle dun nivel. Ese bosque, o sangue na camisa, esa arma que non era súa, iso non se trataba dunha simple resaca ó día seguinte dunha festa. De non lembrar como chegou ata aquí, era porque a drogaron. Un chalado verteríalle GHB no seu vaso! Ía ser iso, porque, como policía, estes anos atrás confrontárase a varios casos con relación a esa droga da violación. Apartou esa idea e empezou a baleirar os seus petos, mais a carteira e a tarxeta de policía desapareceran. Non tiña nin documento de identidade, nin cartos, nin telefono móbil.

O perigo sumouse ó medo.

Rompeu unha rama que fixo voar unha nube de papuxas, algunhas follas roxas voaron polo aire e rozaron a cara de Alice. Coa axuda da man esquerda, subiu a cremalleira da cazadora, agarrando a parte alta co queixo. Nese momento foi cando se deu conta de que tiña na palma unha inscrición, case borrada, feita cun bolígrafo. Unha serie de números anotados rapidamente, como se se tratase dunha nota que se usa nos exames para copiar, ameazando con borrarse:

2125558900

Que querían dicir eses números? Apuntáraos ela? «Pode, ou non...» xulgou ó mirar a letra.

Pechou os ollos un momento, desconcertada e asustada.

Rexeitou deixarse ir. É evidente, algo grave pasou esta noite. Porén, se non tiña ningunha lembranza, o home co

cal estaba encadeada ía refrescarlle rapidamente a memoria. Ó menos é o que esperaba.

«Amigo ou inimigo?»

Como non o sabía, puxo de novo o cargador na Glock e armou o semiautomático. Coa man libre, apuntou o calibre na dirección do home antes de o menear.

—Eh! Ho! Esperte!

O home tiña dificultades para acordar.

—Móvase, veña! —apurándoo e sacudíndolle o ombro.

O home capelexou e reprimiu un bocexo antes de incorporarse dificilmente. Cando abriu as pálpebras, tivo un movemento de abraio ó ver o canón da arma a uns centímetros da súa sen.

Mirou para Alice cos ollos arregalados e virou a cabeza para tódolos lados, descubrindo, parvo, a paisaxe silvestre que o arrodeaba.

Despois duns segundos de estupefacto, tragou saliva e abriu a boca para preguntar, en inglés:

—Por Deus, quen é? E que facemos aquí?

## 2

## GABRIEL

*No interior de cada un de nós hai un estraño desacougante.*

OS IRMÁNS GRIMM

O descoñecido falou cun acento americano moi marcado, case eliminando os erres.

—Merda! Onde estamos? —insistiu engurrando o cello. Alice apertou os dedos na culata da pistola.

—Penso que quen ten que dicilo é vostede! —contestoulle en inglés, acercando o canón da Glock á sen.

—Eh, cálmese, vale? —pediulle levantando as mans—. E baixe a arma, esas cousas son perigosas...

Mal espertar, sinalou co queixo a man presa pola pulseira de aceiro.

—Por que me puxo esas cousas? Que fixen desta? Unha pelexa? Emperiquiteime na rúa?

—Non o esposei eu —replicoulle.

Alice abesullouno: levaba un vaqueiro escuro, un par de zapatillas Converse, unha camisa azul engurrada e unha chaqueta de traxe axustada. Os seus ollos eran claros e atractivos, con olleiras e marcados polo cansazo.

—Non vai moita calor —queixouse encollendo a noca entre os ombros.

Baixou os ollos para o pulso para mirar o reloxo, pero non estaba.

—Merda, que hora é?

—As oito da mañá.

Como puido, fozou nos petos e insurxiuse:

—Porén, sacoume todo! Os meus cartos, a miña carteira, o meu telefono...

—Non lle collín nada –aseguroulle Alice–. A min tamén me quitaron todo.

—E teño un croque –notou ó frotar a parte de atrás do cranio coa man libre–. Iso tampouco é culpa súa, claro –queixouse sen esperar a resposta.

Mirouna de esguello, estaba vestida cun vaqueiro apertado e cunha cazadora de coiro de onde saían anacos dunha camisa manchada de sangue. Alice era unha esvelta loura duns trinta anos e cun moño a piques de se desfacer. Un rostro duro, pero proporcionado –uns pómulos altos, un nariz fino, unha cute diáfana– e os ollos, cunha escintilación como a cor cobre das follas do outono, brillaban intensamente.

A contemplación parou ó sentir como unha queimadura lle percorría o antebrazo.

—Que lle pasa agora? –suspirou Alice.

—Dóeme –facendo un aceno–. Como unha ferida...

Pola culpa das esposas, Gabriel non poido quitar a chaqueta ou remangar as mangas da camisa, e coas contorsións deuse conta de que tiña unha especie de vendaxe que lle rodeaba o brazo. Unha venda acabada de poñer que deixaba saír o sangue ata o pulso.

—Moi ben, xa está ben de parvadas, agora! –dixo el, cabreado–. Onde estamos? En Wicklow?

A moza sacudiu a cabeza.

—Wicklow? Onde é?

—Un bosque ó sur –suspirou el.

—Ó sur de que? –preguntou ela.

—Estame a amolar? Ó sur de Dublín!

Mirouno cos ollos arregalados coma pratos.

—De verdade que pensa que estamos en Irlanda?

El suspirou.

—E logo, onde imos estar se non?

—Pois, pode ser en Francia. Preto de París, eu diría no bosque de Rambouillet ou...

—Déixese de gaitadas! –cortándoa–. E, quen é exactamente?

—Unha muller cunha pistola, entón, eu fago as preguntas.

Desafiouna coa mirada, pero entendeu que non tiña a situación baixo control e mantivo o silencio.

—Chámome Alice Schäfer, son capitá de policía na brigada criminal de París. Pasei a noite cunhas amigas nos Campos Elisios. Non sei nin onde estamos, nin como chegamos aquí, encadeado un coa outra, nin quen é vostede. Tócalle agora.

Logo de vacilar, o descoñecido decidiu dicir quen era.

—Son americano. O meu nome é Gabriel Keyne e son pianista de jazz. Normalmente, vivo en Los Angeles, mais a miúdo estou fóra pola culpa dos concertos.

—Que é o último que lembra?

Gabriel engurrou os cellos e pechou os ollos para concentrarse mellor.

—Pois, onte á noite, toquei co meu baixista e o meu saxofonista no Brown Sugar, un club de jazz no barrio de Temple Bar, en Dublín.

«En Dublín! Este tío está tolo!»

—Despois do concerto, fun ao bar e, se cadra, paseime co cubalibre –continuou Gabriel abrindo os ollos.

—E despois?

—Despois...

A súa cara crispouse e mordeu o beizo. Polo visto, tiña problemas, coma ela, para lembrar o final da noite.

—Escoite, xa non sei. Creo que tiveron unha discusión cun tipo ó que non lle gustaba a miña música, despois andei a facer as beiras cunhas mozas, pero estaba demasiado bébedo para conseguilo.

—Moi requintado, moi elegante, sen dúbida.

Descartou o reproche cun xesto da man e levantouse, obrigando a Alice a facer o mesmo. Cun ademán do antebrazo, fíxoo sentarse de novo.

—Deixei o club contra as doce da noite —afirmou—. Seguí erguido con dificultade, chamei un taxi en Aston Quay, ó cabo duns minutos, un coche parou e...

—E que?

—Xa non sei —admitiu—, debín de dar o enderezo do meu hotel e derrubeime no asento.

—E despois?

—Nada, xa llo dixen!

Alice baixou a arma, e deixou pasar uns segundos para dixerir esas más noticias, xa que non ía ser ese tipo quen a axudaría a esclarecer a situación, ó contrario.

—Deuse conta de que todo o que acaba de me contar parece unha broma? —dixo ela ó suspirar.

—E logo, por que?

—Pois, porque estamos en Francia, ho!

Gabriel mirou o bosque arredor: a vexetación salvaxe, os arbustos mestos, as rochas cubertas de hedras, montículos dourados feitos de follas do outono. Subiu a mirada polo tronco dun olmo xigantesco, e viu dous esquíos que corrían, que escalaban rapidamente pasando de rama en rama perseguindo un merlo azul.

—Aposto a miña camisa a que non estamos en Francia —dixo rascando a cabeza.

—Así a todo, só temos unha forma de o saber —dixo Alice, molesta e gardando a arma obrigándoo a erguerse.

Deixaron atrás o clareiro e afundíronse na vexetación de arboredos densos e de arbustos frondosos. Atrapados un á outra, atravesaron un sotobosque montuoso, subiron por un camiño e baixaron por outro, onde as rocas lles servían de apoio. Necesitaron 10 minutos para saír deste labirinto boscoso, atravesando regatos e percorrendo camiños sinuosos. Á fin, desembocaron nunha vía estreita



e asfaltada, abeirada de arbores que debuxaban unha bóveda enriba das súas cabezas. Canto máis avanzaban no percorrido bituminoso, máis escoitaban os ruídos da civilización.

O rumor que viña da cidade éralles un zunido coñecido.

Cun presentimento no corpo, Alice levou a Gabriel onde o sol atravesaba a follaxe. Atraídos pola luz, abriron camiño ata onde parecía ser a ribeira dun regato.

Nese momento, distinguírona.

Unha ponte de ferro moi arqueada que atravesaba, con graza, uns dos lados do estanque.

Unha ponte, larga, color crema, adornada cuns arabescos e decorada cunhas xerras cheas de flores.

Unha pasarela familiar vista en centenaes de películas.

Bow Bridge.

Non estaban en París. Nin en Dublín.

Estaban en Nova York.

En Central Park.

## 3

## CENTRAL PARK WEST

*Queremos a verdade, e no noso interior  
tan só atopamos a incerteza.*

BLAISE PASCAL

—Vállame Deus! —dixo Gabriel, mentres a cara de Alicia mostraba estupefacción.

Aínda que a realidade era difícil de aceptar, agora xa non quedaba ningunha dúbida. Espertaron no corazón do «Ramble», o lugar máis salvaxe de Central Park. Un verdadeiro bosque de quince hectáreas que se estenden ó norte do lago.

Os seus corazóns batían ó unísono e golpeaban moi forte no peito. Ó acercarse á ribeira, chegaron a unha vía animada, típica da efervescencia dun parque no inicio do día. Os namorados do *footing* convivían cos ciclistas, cos adeptos do tai chi e cos camiñantes que pasean os cans. O zunido da circulación, as bucinas e as sirenas dos bombeiros e da policía eran eses ruídos tan característicos da cidade, que parecían facerlles explotar, de socate, as orellas.

—Incríble —murmurou Alice.

Perturbada, a moza tentou reflexionar. Podía admitir que Gabriel e ela beberan moito onte á noite, ata chegar a esquecer o que fixerzn. Porén, non podía ser que os puxesen nun avión contra as súas vontades. A miúdo viñera de vacacións a Nova York con Seymour, o seu compañeiro e mellor amigo, e sabía que un voo París-Nova York duraba un pouco máis de oito horas, pero coa variación horaria, esta diferenza só era de dúas horas. Cando ían

xuntos, Seymour reservaba, adoitado, o voo das 8.30 h desde o aeroporto Charles de Gaulle que chegaba a Nova York ás 10.30 h. Tamén se dera conta de que o último voo saía de París pouco antes das 20.00 h. Porén, onte á noite ás 20.00 h, aínda estaba en París. Entón, Gabriel e ela viaxaron nun avión privado. Admitindo que en París a puxeran nun avión ás dúas da mañá, chegaría a Nova York ás catro da mañá, hora de aquí. Suficiente para espertar en Central Park ás oito da mañá. Na teoría, non era imposible, na realidade era outra cousa. Aínda que estivesen nun avión privado, as formalidades administrativas para entrar nos Estados Unidos eran largas e complicadas. Todo iso non encaixaba.

—Oups, *sorry*!

Un mozo en patíns en liña empurrounos e, pedindo desculpas, mirou para as esposas cunha mirada atónita e desconfiada.

Unha alarma acendeuse na cabeza de Alice.

—Non podemos quedar aquí, quietos, ante os ollos dos paseantes –alarmouse–. A *pasma* vai vir en menos dun minuto.

—Que propón?

—Colla a miña man, rápido!

—Como di?

—Cóllame a man como se fosemos unha parella de namorados e imos atravesar a ponte! –aburouno.

Fixo o que lle mandaba e pasaron por Bow Bridge. O aire era cortante e seco. No ceo puro, destacaban as siluetas dos inmobles suntuosos de Central Park West: as dúas torres xemelgas do San Remo, a fachada mítica do Dakota e os apartamentos art déco do Majestic.

—De todas as formas, temos que ir xunto ás autoridades –dixo Gabriel mentres camiñaba.

—Claro! De irmos é tan seguro como año na boca do lobo!

El contraatacou:

—Sexa razoable, pequena...

—Chámeme unha vez máis así e afórcoo coas esposas! Comprímolle o pescozo ata o seu ultimo alento. Verá que morto non se di tanta parvada!

Ignorou a ameaza.

—Xa que é francesa, polo menos vaia pedirlle consello á súa embaixada!

—Non antes de entender que pasou esta noite.

—De tódalas formas, non conte comigo para xogar ós fuxitivos. No momento de saírmos do parque, vou ata a primeira comisaría para contar o que nos pasa.

—É parvo ou faino á mantenta? Se non se deu conta, estamos esposados, tío! Inseparables, indivisibles, ligados por obrigación! Entón, mentres non atopemos unha forma de romper esas cadeas, vostede vai facer o que eu faga.

Lentamente, Bow Bridge mudou da salvaxe vexetación do Ramble ós xardíns sabiamente ordenados do sur do lago. Ó chegar á extremidade da ponte, foron polo camiño que abeiraba a masa de auga ata a cúpula de granito da fonte de Cherry Hill.

Gabriel insistiu:

—Por que non quere vir comigo a falar coa *pasma*?

—Porque coñezo a policía, sabe?

O músico de jazz insurxiuse:

—Con que dereito me leva no seu pesadelo?

—No meu pesadelo? Podo estar na merda ata o pescozo, pero vostede tamén!

—Non, porque eu non fixen nada!

—Ai si? E que lle fai dicir iso? Pensaba que esquecerá todo o da noite pasada.

A resposta pareceu perturbar a Gabriel.

—Entón, non confía en min?

—Dende logo que non. Keyne, a súa historia de bar en Dublín non ten pés nin cabeza.

—Tampouco a ten a súa da saída nos Campos Elisios! Quen ten as mans cheas de sangue é vostede, quen ten unha pistola é vostede e...

Cortouno:

—Aí ten razón, eu teño a pistola, entón vai calar coma un peto e vai facer exactamente o que eu lle digo, vale?

Encolleuse de ombros e suspirou, irritado.

Alice tragou a saliva e tivo unha sensación de queimadura detrás do esterno, como se un chorro de acidez lle salpicase o esófago. O estrés. O cansazo. O medo.

«Como saír deste *impasse*?»

Tentou ver claro. En Francia, estamos ó principio da tarde. De a non ver esta mañá, os compañeiros tiveron que preocuparse. Seguro que Seymour tentou chamala ó seu móbil. Tiña que contactalo xa e pedirlle que indagase. Na súa cabeza, xa estaba a facer unha lista:

1. Recuperar as gravacións da videovixilancia do aparcadoiro de Franklin-Roosevelt.
2. Facer unha lista de tódolos avións privados que despegaron de París cara ós Estados Unidos despois da medianoite.
3. Atopar o lugar onde estaría abandonado o seu Audi.
4. Verificar a existencia dese Gabriel Keyne e a veracidade das súas declaracións.

A perspectiva dese traballo de investigación deulle certa tranquilidade. Dende había tempo, a adrenalina que a súa profesión lle daba era o seu carburante. Unha verdadeira droga que asolara a súa vida no pasado, pero hoxe lle daba un verdadeiro motivo para levantarse cada día.

Respirou profundamente o aire fresco de Central Park.

Aliviada de ver como retornaba o policía que tiña dentro, empezou a pensar nun método de investigación.

Seymour, baixo as súas ordes, faría as buscas en Francia mentres ela as faría aquí.

Aínda collidos da man, Alice e Gabriel dirixíronse sen tardar ata o xardín triangular de Strawberry Fields, que lles permitiría saír do parque polo oeste. De esguello, a muller policía miraba o músico. Tiña que saber, custase o que custase, quen era ese home. Ela mesmo lle puxera as esposas? De ser así, cal era o motivo?

Á súa vez, el mirouna, cun aire farfallán.

—Entón, que propón?

Contestoulle cunha pregunta:

—Coñece a cidade?

—Si, mesmo teño un moi bo amigo, o saxofonista Kenny Forrest, pero non temos sorte, nestes momentos está a facer unha xira en Tokio.

Formulou a pregunta doutro xeito:

—Entón, non coñece ningún sitio onde poidamos atopar a ferramenta necesaria para quitar esas esposas, cambiarnos ou ducharnos?

—Non –admitiu–. E vostede?

—Fágolle observar que vivo en París, eu!

—«Fágolle observar que vivo en París, eu!» –imitouna cun aire petulante–. Escoite, non sei por que non imos á policía xa que non temos nin cartos, nin roupa de recambio, nin forma de probar as nosas identidades.

—Deixe de queixarse. Empecemos por atopar un móbil, vale?

—Non temos nin un pataco! Como quere telo?

—Non é complicado, só temos que rouballo.



## ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR.....	5
POESÍA.....	9
<i>Prohibido apañar flores</i> [Ciro Fernández Briones].....	11
<i>O estourido</i> [Noelia Estévez Rionegro].....	25
<i>Escribir, unha conduta ordenada</i> [Andrea Ucha Bouzada] .....	31
<i>Na caída do esperado e agardando o recorrente</i> [Anxo Mena Rodríguez].....	41
RELATO CURTO .....	63
<i>Gabarra</i> [Miguel Iglesias van der Woude].....	65
<i>Vivian Mary Hartley</i> [Cándido Paniagua Pousa] .....	77
<i>Barreiras</i> [Xosé Sobral Amoedo] .....	89
TRADUCIÓN.....	101
<i>O Starlight en Idaho</i> [Adrián Presas Sobrado].....	103
<i>A illa d'Antonia</i> [María Blanca Miranda Rodas].....	133





POESÍA

*Prohibido apañar flores*  
[Ciro Fernández Briones]

*O estourido*  
[Noelia Estévez Rionegro]

*Escribir, unha conduta ordenada*  
[Andrea Ucha Bouzada]

*Na caída do esperado e agardando o recorrente*  
[Anxo Mena Rodríguez]

RELATO CURTO

*Gabarra*  
[Miguel Iglesias van der Woude]

*Vivian Mary Hartley*  
[Cándido Paniagua Pousa]

*Barreiras*  
[Xosé Sobral Amoedo]

TRADUCIÓN LITERARIA

*O starlight en Idaho*  
[Adrián Presas Sobrado]

*A illa d'Antonia*  
[María Blanca Miranda Rodas]

1396104

